

MAREMAGNUM

publicación galega sobre o trastorno do espectro do autismo

CG n° 25 - 2021

XXV ANOS DE MAREMAGNUM COÑECEMENTO E COIDADOS DO AUTISMO



XXV ANOS DE MAREMAGNUM
COÑECEMENTO E COIDADOS DO AUTISMO

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM
CG AUTISMO GALICIA

Nº 25. Ano 2021
Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
cjimenez@menela.gal

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez
Emma Cuesta Fernández
Susana Rodríguez Blanco
Manuel Ojea Rúa
Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ilustración portada

Iván Rodríguez Arias "Chephoner"

Edita

AUTISMO GALICIA
Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo
15703 Santiago de Compostela
Tfno. 34 981 589 365

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

— GALEGO —

7

EDITORIAL

11

COVID-19 E AUTISMO

Juan Jesús Gestal Otero

21

O ACCESO Á XUSTIZA PARA PERSOAS CON TEA.
VOLENTI NIHIL DIFFICILE

Ana M. Castro Martínez

31

EVOLUCIÓN DA LINGUAXE E AUTISMO:
LECCIÓN DESDE O PALEOLÍTICO

Xurxo Mariño

39

CÓMIC E AUTISMO: O QUE NOS ENSINARON
MARÍA E MIGUEL GALLARDO

Isabelle Touton

51

AUTISMO E AS TECNOLOXÍAS DIXITAIS:
O MOMENTO DA SOCIALIZACIÓN

Manuel Gago

59

O PARADOXO DA REPRESENTACIÓN ARTÍSTICA
DO AUTISMO: UNHA VISIÓN DESDE
A MATERNIDADE E A ESCRITURA

Ana Luengo Palomino

67

BIODIVERSIDADE ESCRÍBESE CON TRES “E”,
OU QUIZAIS CON CATRO

Serafín González Prieto

73

DONDE EL TIEMPO NO FUNCIONA

PANUC

79

ACOMPANÑAMENTO E COIDADOS NAS PERSOAS
CON AUTISMO

Cipriano Luis Jiménez Casas

— TRADUCCIÓN CASTELLANO —

89

EDITORIAL

93

COVID-19 Y AUTISMO

Juan Jesús Gestal Otero

103

ACCESO A LA JUSTICIA PARA PERSONAS CON TEA.
VOLENTI NIHIL DIFFICILE

Ana M. Castro Martínez

113

EVOLUCIÓN DEL LENGUAJE Y AUTISMO:
LECCIONES DESDE EL PALEOLÍTICO

Xurxo Mariño

121

CÓMIC Y AUTISMO: LO QUE NOS HAN ENSEÑADO
MARÍA Y MIGUEL GALLARDO

Isabelle Touton

133

AUTISMO Y LAS TECNOLOGÍAS DIGITALES:
EL MOMENTO DE LA SOCIALIZACIÓN

Manuel Gago

141

PARADOJA DE LA REPRESENTACIÓN ARTÍSTICA
DEL AUTISMO: UNA VISIÓN DESDE
LA MATERNIDAD Y LA ESCRITURA

Ana Luengo Palomino

149

BIODIVERSIDAD SE ESCRIBE CON TRES “E”,
O QUIZÁS CON CUATRO

Serafín González Prieto

155

DONDE EL TIEMPO NO FUNCIONA
PANUC

161

ACOMPañAMIENTO Y CUIDADOS EN LAS PERSONAS
CON AUTISMO

Cipriano Luis Jiménez Casas

EDITORIAL

Tal como subliña o profesor emérito da USC Juan J. Gestal Otero, que encabeza os artigos desta entrega de *Maremagnum* núm. 25, 2021, no seu artigo: COVID-19 e autismo, “a pandemia tivo importantes repercusións na saúde e benestar das persoas con TEA e as súas familias, con maiores dificultades no manexo das actividades diarias, especialmente do tempo libre e das actividades estruturais, sufrindo niveis altos de ansiedade e menos benestar. O mantemento das rutinas, viuse alterado, e as persoas con TEA sufriron máis trastornos do somo que agravaron os seus problemas sociais e emocionais, con máis frecuencia de ansiedade, irritabilidade, obsesión, hostilidade e impulsividade. A interrupción da asistencia médica comportou menos apoio terapéutico e a diminución dos diagnósticos de TEA agravaron os seus problemas sociais e emocionais”.

Porén, tal como xa comentamos na editorial do pasado ano 2020, o impacto da COVID-19, supuxo dar a máxima prioridade, como segue sendo neste 2021, ao acompañamento e os coidados, en consonancia coas recomendacións e asesoramento das autoridades sanitarias, sumada a exemplar complicitade familiar e social, sen esquecermos das tarefas diarias dos traballadores/coiadores e profesoras/educadoras de atención directa ou persoal, nos centros de día e residenciais de persoas adultas con autismo, centros de educación especial e servizos de diagnóstico e atención temperá, en Galicia.

Afortunadamente a angustia existencial xerada pola pandemia o pasado ano 2020, foi cedendo, e no momento en que estamos redactando esta editorial, a situación sanitaria e epidemiolóxica vai progresivamente mellorando, sen que isto supoña que as cousas xa non volveran ser o que eran. Porén, o máis importante nos momentos máis críticos da pandemia foi, e deberá seguir sendo en palabras do Dr. Miguel Ángel Vázquez, presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria e patrón de Fundación Menela, a información e a transparencia.

O reforzo do traballo de colaboración baixo o liderado das direccións das redes de servizos para o autismo de Galicia, tivo moi presente evitar pronunciamentos ou posturas corporativas dos profesionais, incidindo pola contra, nas actuacións básicas e prioritarias nun dos momentos de preocupación e angustia, e sobre todo, da incerteza creada con relación ás medidas que hai que tomar en cada momento concreto no caso de persoas infectadas.

O labor dos equipos e obradoiros de enfermería foi clave e fundamental, cun permanente contacto coa rede hospitalaria e centros de saúde, en cadansúa das áreas onde están situados os centros e servizos para persoas con autismo, en Galicia. Por outra banda, a Federación Autismo Galicia, mantivo en todo momento unha relación permanente coas consellerías máis implicadas no tema da COVID-19, como foron as de Sanidade e Política Social. Non sempre as demandas do noso sector foron cumpridas, nos primeiros momentos da pandemia, con toda seguridade, pola incerteza e falta de medios de cara a tratar e resolver todos os problemas creados por unha crise sanitaria de tal envergadura pola pandemia da COVID-19.

As boas prácticas de hixiene, prevención e vida saudable, e como levalas a cabo, foron unha vez máis e continúan a ser, prioritarias en todos os servizos, centros educativos e residenciais de persoas con autismo, en estreita colaboración coas súas familias e o seu medio. Os momentos de incerteza e confusión do 2019 e 2020, estanse superando en gran medida polo proceso de vacinación iniciado en 2020, no que teñen preferencia, non podía ser doutro xeito, as persoas con autismo e os seus traballadores dos centros residenciais. Tal como manifestou a OMS e ratificaron os xerontólogos galegos: “o acontecido nas residencias de maiores ao longo da pandemia da COVID-19 foi unha traxedia”.

Revisar e/ou cambiar o modelo dos centros de día e residenciais para persoas maiores con autismo, con novas propostas en función do acontecido, é unha tarefa urxente que hai que ter moi en conta. O colectivo de persoas adultas con autismo, están entrando na fase de persoas maiores, as que temos que acompañar, coidar e respectar ao longo da súa vida. O coidado, como di Carol Gilligan, citado por Victoria Camps: “Nun contexto patriarcal, o coidado é unha ética feminina; nun contexto democrático, o coidado é unha ética humana”.

Poderán observar os lectores que neste núm. 25 da revista *Maremagnum*, os artigos desenvolvidos son moi variados con relación ás edicións de anos anteriores, que xiraban arredor dun tema nuclear que era analizado por diferentes especialistas, como p. ex., foi a educación, a saúde, a cultura... a situación vivida pola COVID-19, non nos permitiu ir mais aló que cumprir coa responsabilidade de continuar coa publicación de cara a esta nova entrega, iso si, coa axuda xenerosa e desinteresada, coma case sempre duns colaboradores, como dicimos en Galicia “bos e xenerosos”. É extremadamente raro, que a chamada de *Maremagnum*, en favor dunha publicación galega sobre o trastorno do espectro do autismo, editada e subvencionada pola Administración pública (Xunta de Galicia), distribuída gratuitamente en papel e a través da súa paxina web: www.autismogalicia.org non lle ofrecesen a súa colaboración. O noso agradecemento ás autoras e autores, 2021.

Ana M. Castro-Martínez, analiza: “o acceso á xustiza para persoas con TEA. Volenti Nihil Difficile (Querer é Poder) das persoas con discapacidade, abondando nas necesidades concretas das persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA), abordando de forma sucinta o ámbito legal no cal se enmarca o dereito a acceder á xustiza

en condicións de igualdade, poñendo en evidencia algunhas carencias do sistema, así como posibles solucións coa finalidade de impulsar o xenuíno acceso a xustiza enfocado a efectividade nas persoas con TEA.

Xurxo Mariño relátanos a evolución da linguaxe e autismo: leccións desde o Paleolítico, como: “un dos grandes problemas da ciencia actual xa que, por unha banda, se trata de afondar na propia natureza humana, mais, para realizar as investigacións non existen pistas directas coas que traballar. As hipóteses constrúense a partir de datos indirectos que proveñen da paleoantropoloxía, a lingüística, a neurociencia e outras disciplinas. No artigo indícanse varios achados na investigación sobre o autismo que poden ter relevancia nos avances sobre a evolución da linguaxe e tamén sobre o estudo das características cognitivas dos humanos do Paleolítico Superior”.

Isabelle Touton, desenvolve que: “María Gallardo, filla do ilustrador e autor do cómic, Miguel Gallardo, transformouse nunha heroína transmedia desde que o seu pai empezou a contar a súa relación coa súa filla autista na novela gráfica: *María y yo*, mestura de texto ilustrado e historieta. A súa ramificouse, reformulouse e migrou á curtametraxe de animación, ao cómic dixital e a unha longametraxe documental na que María e Miguel actuaron, representando os seus propios roles. A historia de María contribuíu a popularizar certos coñecementos sobre as vivencias, emocións e experiencias sensoriais e cognitivas da persoa con TEA. Cada medio modifica a mensaxe, privilexia un punto de vista e transmítelle ao lector e á espectadora unha experiencia distinta, que depende tamén do momento no cal emerxe, da idade de María, e das circunstancias de creación do pai”.

Manuel Gago descríbemos como o tema: “das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais como apoio ao tratamento dos trastornos do espectro do autismo (TEA), foron enumeradas e enunciadas na bibliografía académica e en numerosas experiencias. O presente artigo pretende revisar como a cultura dixital, as transformacións tecnolóxicas e as novas dinámicas do mercado da informática de consumo nos últimos anos poden abrir novas potencialidades para estes tratamentos”.

Ana Luengo Palomino, no seu ensaio, reflexiona sobre: “a súa aprendizaxe como nai dun fillo diagnosticado con TEA desde os tres anos, e sobre a representatividade artística do autismo. A partir de diferentes exemplos da literatura, o cinema e a televisión, e da súa propia experiencia, pregúntase que tipo de arte necesitamos para favorecer a convivencia e a inclusión das persoas no espectro. Porque, aínda que é máis que necesaria a presenza do autismo nos medios de comunicación, optar por unha imaxe extraordinaria ou máxica deste favorece a estereotipación das persoas no espectro”.

Serafín González Prieto no seu artigo: “Biodiversidade se escribe con tres “E”, ou quizás con catro”, formula: “sexamos egoístas, escoitemos a advertencia silenciosa da natureza. Apliquemos todos os coñecementos de Economía para avaliar canto podemos gañar e aforrar se a escoitamos. E mentres gozamos a estética da natureza e a biodiversidade, non só escoitándoa senón con todos os nosos sentidos, aproveitemos

para reflexionar un pouco sobre o noso papel no embrollo da vida: seguramente descubriremos que por ética debemos conservar a biodiversidade”.

Paula Sánchez Muíña (persoa con autismo), a súa irmá Nuria Sánchez Muíña e os seus pais, Conchi Muíña Romay e Antón Sánchez Varela, agasállannos co seu libro: *Donde el tiempo no funciona*. Na recensión da contraportada do libro lemos: “Porque non hai dúas persoas iguais, porque o tempo non é o mesmo para todas, porque podes correr toda a vida sen conseguir chegar. Por iso, e por moitas cousas máis, esta busca, ás veces sorprendentemente divertida, ás veces reveladora da visibilidade doutras, fáchame preguntar porque ou era onde? Porén, principalmente, intenta transmitir dunha forma positiva que nas nosas vidas sempre haberá circunstancias dolorosas para as que non encontraremos solución, pero si poderemos determinar como afrontaremos ese sufrimento”.

Cipriano Jiménez, destaca como a dimensión profesional e humana das coidadoras, coidadores e acompañantes, ten que estar como elemento preferente no sistema organizativo da rede de centros e servizos que lles prestan atención ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade, e, por suposto, ás persoas con autismo todo ao longo da súa vida. Coa irrupción da COVID-19, onde os sectores máis fráxiles, o caso das persoas maiores, foi o máis castigado, temos necesariamente en función do acontecido, que rescatar o máis apreciado polos seres humanos, sentirse coidados e acompañados.

Iván Rodríguez Arias “Chephoner”, é un muralista vigués que leva máis de 20 anos pintando e decorando locais, paredes e muros por toda a xeografía galega, de cara a combater o feísmo urbano e convertelo en arte. Participa con outros artistas locais, nacionais e internacionais, desde 2015 no Festival Anual de Arte Urbana *Vigo cidade de cor*; Cheph, foi invitado a realizar a portada de *Maremagnum*, 2021, despois do éxito na realización dun “taller de graffiti” ao aire libre, coa colaboración e participación das alumnas e alumnos con autismo do Centro de Educación Especial Menela.

Cipriano Luis Jiménez Casas
Director de *Maremagnum*

COVID-19 E AUTISMO

Juan Jesús Gestal Otero ¹

Profesor emérito de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC *

RESUMO

A pandemia de COVID-19 tivo importantes repercusións na saúde e o benestar das persoas con TEA e as súas familias, con maiores dificultades no manexo das actividades diarias, especialmente do tempo libre e das actividades estruturadas, que sufriron niveis altos de ansiedade e menor benestar. O mantemento das rutinas, viuse alterado, e as persoas con TEA sufriron mais trastornos do sono que agravaron os seus problemas sociais e emocionais, con máis frecuencia de ansiedade, irritabilidade, obsesión, hostilidade e impulsividade. A interrupción da asistencia médica comportou menos apoio terapéutico e diminución dos diagnósticos de TEA.

- 1 J. J. Gestal Otero (Muros, 1947), é doutor pola Universidade de Navarra e profesor emérito de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Santiago de Compostela. Director da Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia e codirector do Curso Universitario de Especialización en Vacinas; académico numerario das Reais Academias de Medicina (1995) e de Farmacia (2003) de Galicia e director xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia (1996-97). ++

Organizou, entre outros, o primeiro mestrado de Saúde Pública e de Administración e Xestión Sanitaria de Galicia, de Técnicos Superiores de Prevención de Riscos Sanitarios, así como cursos de especialización en vacinas. Participou nos programas de Cooperación Interuniversitaria do Instituto de Cooperación Iberoamericana, e impartiu numerosos cursos de formación continuada e conferencias en diversos foros de España, Portugal e América Latina e foi nomeado profesor visitante das universidades de Buenos Aires, Maimonides de Buenos Aires, Nordeste da República Arxentina, Nacional de Córdoba, Universidade de Ciencias Sociais e Empresariais de Buenos Aires, e Facultade de Medicina de Coímbra. Foi director do Departamento de Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública (2002-2010); decano da Facultade de Medicina e Odontoloxía, e Vicepresidente da Conferencia Nacional de Decanos de Facultades de Medicina de España. (2011-2017); coordinador do Programa de Doutoramento de Saúde Pública da USC e membro da Comisión Executiva da Escola de Doutoramento Internacional; coordinador do grupo de Santiago do CIBERESP, e do Grupo Plataformas e Metodoloxía do IDIS. Dirixiu 35 proxectos de investigación, 51 tese doutoral, e publicou 87 artigos en revistas internacionais e nacionais; 27 libros e 48 capítulos noutros libros publicados.

Insignia de Ouro da USC (2017), Fillo Predilecto e Medalla de Ouro da Vila de Muros (A Coruña, 2018); Medalla de Ouro da Academia Médico-Cirúrxica de Santiago de Compostela (2018); Doutor Honoris Causa pola Universidade San Luis Gonzaga de Ica-Perú (1997); académico correspondente estranxeiro das Academias Nacionais de Medicina de Buenos Aires (1995) e do Paraguai (2002); Membro de Honra da Asociación Médica Argentina e da Sociedad Cubana de Microbiología..

* Facultade de Medicina. Rúa San Francisco s/n. 15782. Santiago de Compostela. Tfno.: 609521041. jjgestalo@gmail.com

Pandemia, crise sanitaria, corentena e confinamento

A pandemia de COVID-19 é unha gravísima crise sanitaria sen precedentes recentes que obrigou a establecer para o seu control medidas como o distanciamento social, corentenas e o confinamento domiciliario que comportan un grande impacto socioeconómico e psicolóxico con importantes repercusións familiares. (1-2)

Algúns estudos identificaron como factores estresantes durante a corentena, a súa duración, o medo á infección, a frustración e o aburrimiento, a información inadecuada, as finanzas e o estigma. Durante este período, os nenos viron as súas rutinas cambiadas por completo e tiveron que respectar regras non sempre comprensibles para eles (por exemplo, desinfectar as mans, non tocar os ollos nin o nariz e cubrir a boca). (3)

As familias sufriron cambios súbitos e de gran impacto durante a pandemia. O confinamento prolongado e o desemprego aumentaron o risco dun maior consumo de alcol e outras substancias, os malos tratos da parella, as discordias familiares, e os malos tratos e abuso sexual infantil. (2) O confinamento supón unha convivencia continua con outras persoas que esixe cambios na dinámica familiar. As familias expostas previamente a violencia intrafamiliar continuarán cun risco latente, e cantas máis dificultades económicas teñan os maltratadores e maior duración o illamento, máis posibilidades hai para os malos tratos. (4-5)

Unha corentena prolongada, o temor á infección, a frustración e o aburrimiento, a falta de contacto cos seus compañeiros e profesores, a falta de espazo na casa e as perdas dos seus seres queridos xeran repercusións psicolóxicas nos nenos e adolescentes, (6) e aqueles con un trastorno psiquiátrico poden presentar exacerbación dos seus síntomas. Durante a pandemia, en China presentáronse máis casos de depresión e ansiedade nos adultos, (7) que son factores de adversidade potenciais para os nenos e adolescentes conviventes. En xeral, os nenos soportan mellor estas situacións se teñen a un adulto estable e tranquilo ao seu lado, pero ademais dos factores da contorna familiar, débense ter presentes os factores individuais: características do neno (como o seu temperamento), os antecedentes de adversidade, afrontamento e resiliencia, que en conxunto modularan a resposta á ameaza. Para algúns nenos o peche dos colexios comportou non só non ter acceso á educación, senón tamén á alimentación, a perda de contacto cos seus compañeiros e profesores e non poder realizar as súas actividades deportivas e de tempo libre, entre outras. (8)

Aínda que afortunadamente os nenos soportaron unha menor carga de enfermidade pola COVID-19, experimentáronse os efectos adversos da pandemia. (9-10) A suspensión da educación presencial, das actividades extracurriculares, das actividades sociais e da atención médica de rutina ameazaron o seu benestar físico e mental.

Pandemia e TEA

A pandemia foi aínda máis perturbadora para aqueles con necesidades especiais de saúde como as persoas con TEA, que son especialmente vulnerables ante unha crise

sociosanitaria como a pandemia da COVID-19 (11) debido ás propias características nucleares do trastorno que fan que a persoa experimente dificultades significativas para comprender e adaptarse á situación, polas súas dificultades de comunicación, de comprensión social e de manexo das relacións interpersoais, e de comportamento. Teñen ademais un maior risco de contaxio e mortalidade asociado á COVID-19 relacionado con condicións comórbidas de saúde física e saúde mental, dificultades para identificar e comunicar a dor ou malestar co consecuente atraso na detección da enfermidade, a exposición a contextos de alto risco, dificultades para comprender e respectar as medidas de protección establecidas e barreiras no acceso á atención sanitaria ou hospitalaria. Por último teñen tamén un maior risco de verse excluídas ou discriminadas por razón da súa discapacidade na atención sanitaria. Os nenos con TEA foron particularmente vulnerables ás consecuencias negativas da pandemia, que lles afectou de maneira desproporcionada. (12-13)

O TEA a miúdo coexiste con discapacidades físicas, incluídas a epilepsia e a parálise cerebral, que poden aumentar o risco de complicacións graves por COVID-19. (14-15) Tamén se apuntou a posibilidade de que os TEA puidesen ser un factor de risco de COVID-19, (16) ao presentar varias comorbilidades que potencian unha situación de inflamación crónica de baixo grao (función inmune anormal con respostas inmunitarias innatas e adaptativas anormais, inflamación, desregulación de citoquinas e presenza de autoanticuerpos), (17-18) e ter as persoas con afeccións inflamatorias crónicas de baixo grao, como diabetes, obesidade ou insuficiencia cardíaca crónica, un maior risco de desenvolver unha síndrome de dificultade respiratoria aguda (SDRA) debido á COVID-19. (19)

Aínda que o TEA parecía ser un trastorno raro, a súa prevalencia aumentou a nivel mundial de maneira constante nos últimos anos, (20-23) supoñendo 1 de cada 100 nacementos, aínda que nalgúns países se identificaron cifras aínda máis elevadas, o que podería deberse a melloras no diagnóstico, unha maior concienciación social e tamén a cambios nos factores de risco reais. (24) Os CDC sinalan que 1 de cada 68 estudantes en idade escolar podería presentar un trastorno deste tipo, e estímase unha prevalencia mundial do 0,76%, (25-27) os homes vense máis afectados, cunha razón de masculinidade de 3:1. En Europa viven máis de 3,3 millóns de persoas cun TEA, e en España calcúlase que máis de 450 000 persoas, aínda que as estatísticas oficiais evidencian que moitas delas non están adecuadamente identificadas nin diagnosticadas. (11) Como unha das afeccións do neurodesenvolvemento máis frecuentes e graves, os TEA representan unha carga significativa na saúde pública, cun custo total anual estimado de 250 000 millóns de dólares nos Estados Unidos. (28)

Nos nenos con TEA é moi importante o mantemento das rutinas, (29-31) e desempéñanse mellor cando as rutinas diarias son predicibles, pero a pandemia eliminou toda esa previsibilidade. O peche das escolas e dos servizos psiquiátricos especializados e centros de día, que lles brindaban seguridade, familiaridade, estabilidade e unha

rutina estruturada, á parte de prestarlles diversas terapias para mellorar o seu desenvolvemento psicolóxico e benestar, supuxo un problema importante para eles. (32)

Os mozos con TEA requiren tratamentos multimodais e adoitan participar varias horas semanais en intervencións con terapeutas especializados nas súas casas, hospitais ou centros especializados. Durante o confinamento, posiblemente non recibiron igual apoio presencial dos terapeutas nin intervencións no exterior, e como consecuencia das limitacións do servizo, algunhas persoas con TEA poden sufrir unha regresión no desenvolvemento e numerosos trastornos. Tamén a interrupción da atención médica habitual resultaría nunha diminución dos diagnósticos de autismo, xa que os nenos de 18 a 24 meses poden ter as súas visitas de neno san e os seus exames de detección de TEA pospostos ou cancelados, e o tratamento tardío do TEA empeora gravemente os resultados cognitivos e condutuais. (33-34)

Impacto da pandemia nas persoas con TEA

Os mozos con TEA presentan con frecuencia trastornos de ansiedade, (35) e a situación de illamento pode ser para eles algo difícil de asimilar, que lles provoca durante os primeiros tempos do confinamento un incremento das estereotipias, como conduta adaptativa que irá desaparecendo, e tamén un aumento dos movementos a medida que se postergue a saída aos sitios que adoitaba gozar. Igualmente, os seus pais experimentan máis tensións que os pais de nenos con outras discapacidades. (36)

En diferentes estudos (37-39) observouse que os nenos con TEA teñen unha maior prevalencia de trastornos do sono que os nenos con desenvolvemento normal e os que teñen outras discapacidades do desenvolvemento neurolóxico. Serhat Türkoğlu e cols., (40) estudaron en Turquía, durante o confinamento, a relación entre o cronotipo, os problemas de sono e a gravidade dos síntomas en 46 nenos de 4 a 17 anos con TEA, observando unha puntuación máis alta (cronotipo E ou vespertino)² e problemas de sono en comparación coa situación de non confinamento, e que a gravidade dos síntomas do autismo estaba mediada por problemas do sono. Xa se demostrou que as dificultades emocionais eran máis comúns nos cronotipos E. (41)

No norte de Italia, unha das rexións europeas máis afectadas, Marco Colizzi e cols., (42) observaron que a pandemia supuxo un importante desafío para o 93,9 % das familias, con maiores dificultades no manexo das actividades diarias, especialmente do tempo libre (78,1 %) e das actividades estruturadas (75,7 %) no 35,5 % e o 41,5 % respectivamente dos nenos con problemas de conduta máis intensos e frecuentes. Os problemas de comportamento anteriores á pandemia predixeron un maior risco

2 Os tipos E dormen máis tarde na noite, espertan máis tarde e teñen un ritmo de sono/vixilia relativamente inestable que outros tipos. Os tipos E prefiren comezar as súas actividades físicas e mentais diarias máis tarde e son máis produtivos nas últimas horas do día. Ademais, o carácter dos tipos M difire do tipo E en moitos aspectos.

de problemas de comportamento máis intensos e frecuentes. A pesar de que os nenos con TEA recibían diferentes tipos de apoio, que tamén requirían intervencións especializadas (19,1 %) ou de emerxencia (1,5 %), xurdiron unha serie de necesidades, incluída a recepción de máis apoio sanitario (47,4 %), especialmente o apoio a domicilio (29,9 %), así como as intervencións para abordar unha corentena potencialmente perturbadora (16,8 %). A pandemia aumentou as dificultades nas persoas con TEA.

En China, Saijun Huang e cols., (43) estudaron o impacto da pandemia en nenos con TEA e as súas familias e observaron na metade dos nenos problemas para durmir mostrando algúns un agravamento dos seus problemas sociais e emocionais. Tres quintas partes dos nenos con TEA non tiñan acceso a rehabilitación profesional e máis da metade das familias carecían de asesoramento, destacando a necesidade de axuda aos pais para mellorar as súas habilidades de control social e emocional dos nenos con TEA.

En Portugal, Amorin e cols., (44) estudaron como os nenos con TEA e os seus pais, en comparación con familias sen TEA, viviron o illamento social nos seus fogares durante o peche escolar pola pandemia. Os nenos con TEA tiveron unha maior frecuencia de cambios no comportamento, as súas causas principais foron a ansiedade (41,7 %), irritabilidade (16,7 %), obsesión (11,1 %), hostilidade (5,6 %) e impulsividade (2,8 %), así como un impacto negativo da corentena no manexo das emocións. No que respecta á tensión e a ansiedade, os cuidadores puntuaron valores medios máis altos de niveis de ansiedade en si mesmos que nos seus fillos en ambos os grupos, e nos nenos con TEA niveis medios de ansiedade máis altos que os controis, así como nos cuidadores de nenos con TEA fronte aos do grupo control. Estas diferenzas foron todas estatisticamente significativas. Os niveis medios de ansiedade tamén foron máis altos nos nenos con TEA que non mantiñan as rutinas que nos que as mantiñan e tiveron estes niveis medios máis altos de adaptabilidade á corentena. Tamén sinalan que os pais de nenos con TEA do estudo non notaron un impacto negativo no desenvolvemento cognitivo dos seus fillos, o que quizais se deba a ser demasiado pronto para avaliar esas consecuencias, con todo, a suspensión da educación especial e as terapias pode ter un impacto devastador no seu desenvolvemento, e recomendan avaliar as necesidades destes nenos canto antes.

Que os pais de nenos con TEA experimentasen niveis medios máis altos de ansiedade en comparación cos pais do grupo control, non é sorprendente, xa que a tensión nos pais de nenos con TEA está ben documentado na bibliografía e atribuíuse aos comportamentos desafiantes do neno. (45-47) Estes pais ademais das típicas demandas de pai, teñen que coidar do comportamento (48-50) e emocións dos seus fillos, con frecuencia impredecibles, e ao tempo afrontar todos os restantes compromisos familiares e laborais, (51) o que incrementa os seus problemas de saúde tanto física como mental, (52-53) e inflúe negativamente no seu benestar. (54-56) Talal Alhuzimi (57) estudou os efectos que a pandemia ocasionara sobre a tensión e benestar emocional en 150 pais de nenos con TEA de diferentes rexións de Arabia Saudita mediante unha enquisa en liña, observando que se viron desfavorablemente afectados pola pandemia.

En resumo, os nenos con TEA foron unha poboación particularmente vulnerable na pandemia debido á potencial exacerbación dos síntomas do TEA, ao acceso limitado á terapia e para os seus coidadores supuxo unha responsabilidade abafadora.⁵⁸ A devandita vulnerabilidade é maior que a da poboación xeral, especialmente no caso daqueles que se infectaron ou que tiveron que permanecer illados.

Bibliografía

1. DUAN L, ZHU G. Psychological interventions for people affected by the COVID-19 epidemic. *Lancet Psychiatry*, 2020;7:300-302. [http://dx.doi.org/10.1016/S2215-0366\(20\)30073-0](http://dx.doi.org/10.1016/S2215-0366(20)30073-0).
2. BROOKS SK, WEBSTER RK, SMITH LE, WOODLAND L, WESSELY S, GREENBERG N, ET AL. The psychological impact of quarantine and how to reduce it: rapid review of the evidence. *Lancet*, 2020;395:912-920. [https://doi.org/10.1016/S0140-6736\(20\)30460-8](https://doi.org/10.1016/S0140-6736(20)30460-8)
3. NARZISI A. Handle the autism spectrum condition during the coronavirus (COVID-19) stay at home period: ten tips for helping parents and caregivers of young children. *Brain Sci*, 2020; 10: 207.
4. FERRER-PÉREZ V. Afrontando la pandemia COVID-19 y sus consecuencias desde la Psicología Social Feminista. *Int J Soc Psychol*, 2020;32:53–60.
5. PETERMAN A, POTTS A, O'DONNELL M, ET AL. Pandemics and violence against women and children CGD Working Paper 528. Washington DC: Center for Global Development. 2020, <https://www.cgdev.org/publication/pandemics-and-violence-against-women-and-children>.
6. WANG G, ZHANG Y, ZHAO J, ZHANG J, JIANG F. Mitigate the effects of home confinement on children during the COVID-19 outbreak. *Lancet*, 2020;395:945–948.
7. GAO J, ZHENG P, JIA Y, ET AL. Mental health problems and social media exposure during COVID-19 outbreak. *PLoS One*. 2020;15:e0231924, <http://dx.doi.org/10.1371/journal.pone.0231924>.
8. SAXENA R, SAXENA S. Preparing children for pandemics. En: Saxena S, editor. *Coronavirus Disease 2019 (COVID-19) Epidemiology, Pathogenesis, Diagnosis, and Therapeutics*. 1st ed. Singapore: Springer Nature Singapore, 2020.
9. COX DJ, PLAVNICK JB, BRODHEAD MT. A Proposed Process for Risk Mitigation During the COVID-19 Pandemic. *Behav Analysis Practice*, 2020;13:299–305. <https://doi.org/10.1007/s40617-020-00430-1>
10. SONG W, LI J, ZOU N, GUAN W, PAN J, XU W. Clinical features of pediatric patients with coronavirus disease (COVID-19). *Journal of Clinical Virology*, 2020;127:104377. <https://doi.org/10.1016/j.jcv.2020.104377>

11. CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA. Impacto de la crisis del COVID-19 en el colectivo de personas con trastorno del espectro del autismo y en su tejido asociativo específico y especializado en España. Informe Ejecutivo, 30 de maio de 2020.
12. HOUTING J. Stepping Out of Isolation: Autistic People and COVID-19. *Autism in Adulthood*, 2020;2(2) <https://doi.org/10.1089/aut.2020.29012.jdh>
13. LIU JJ, BAO Y, HUANG X, SHI J, LU L. Mental health considerations for children quarantined because of COVID-19. *The Lancet Child & Adolescent Health*, 4(5):347-349. [https://doi.org/10.1016/S2352-4642\(20\)30096-1](https://doi.org/10.1016/S2352-4642(20)30096-1)
14. RYDZEWSKA E, HUGHES-McCORMACK LA, GILLBERG C, ET AL. Prevalence of sensory impairments, physical and intellectual disabilities, and mental health in children and young people with self/proxy-reported autism: Observational study of a whole country population. *Autism*, 2019;23(5):1201-1209. doi:10.1177/1362361318791279
15. NEUMEYER AM, ANIXT J, CHAN J, BENNETT A, FARMER J, PARKER RA. Identifying associations among co-occurring medical conditions in children with Autism Spectrum Disorders. *Academic Pediatrics*, 2019;19(3):300-306. <https://doi.org/10.1016/j.acap.2018.06.014>
16. SOUSA LIMA ME, MAIA BARROS LC, FROTA ARAGÃO G. Could autism spectrum disorders be a risk factor for COVID-19? *Medical Hypotheses*, 2020;144:109899. <https://doi.org/10.1016/j.mehy.2020.109899>.
17. MELTZER A, VAN DE WATER J. The role of the immune system in autism spectrum disorder. *Neuropsychopharmacology*, 2017, 42(1):284-98. <https://doi.org/10.1038/npp.2016.158>.
18. DEPINO AM. Peripheral and central inflammation in autism spectrum disorders. *Mol Cell Neurosci*, 2013;53:69-76. DOI: 10.1016/j.mcn.2012.10.003
19. WU C, CHEN X, CAI Y, ET AL. Risk factors associated with acute respiratory distress syndrome and death in patients with coronavirus disease 2019 pneumonia in Wuhan, China. *JAMA Intern Med*, 2020;180(7):934-943. <https://doi.org/10.1001/jamainternmed.2020.0994>.
20. BOYLE CA, BOULET S, SCHIEVE LA, ET AL. Trends in the prevalence of developmental disabilities in US children, 1997-2008. *Pediatrics*, 2011;127:1034-1042.
21. ELSABBAGH M, DIVAN G, KOH YJ, ET AL. Global prevalence of autism and other pervasive developmental disorders. *Autism Res*, 2012;5(3):160-179. doi: 10.1002/aur.239.
22. BLENNER S, AUGUSTYN M. Is the prevalence of autism increasing in the United States? *BMJ*, 2014;348:g3088. Blenner S, Augustyn M. Is the prevalence of autism increasing in the United States? *BMJ*, 2014;348: 3088.
23. ZYLSTRA RG, PRATER CD, WALTHOUR AE, APONTE AF. Autism: why the rise in rates? *J Fam Pract*, 2014;63:316-320.

24. LYALL K, CROEN L, DANIELS J, ET AL. The changing epidemiology of autism spectrum disorders. *Annu Rev Public Health*, 2017;38:81-102. doi: 10.1146/annurev-publhealth-031816-044318
25. MAENNER MJ, SHAW KA, BAIO J, ET AL. Prevalence of Autism Spectrum Disorder among children aged 8 years — Autism and Developmental Disabilities Monitoring Network, 11 Sites, United States, 2016. *MMWR Surveill Summ* 2020;69(SS-4):1-12. <http://dx.doi.org/10.15585/mmwr.ss6904a1>.
26. HOLLY H, FEALCO C, SOARES N. Autism spectrum disorder: definition, epidemiology, causes, and clinical evaluation. *Translational Pediatrics*, 2020;9(Suppl.1):S55-S65. doi: 10.21037/tp.2019.09.09.
27. CDC. Data & statistics on autism spectrum disorder. <https://www.cdc.gov/ncbddd/autism/data.html>
28. BUESCHER AV, CIDAV Z, KNAPP M, MANDELL DS. Costs of autism spectrum disorders in the United Kingdom and the United States. *JAMA pediatrics*, 2014;168(8):721-728. doi:10.1001/jamapediatrics.2014.210
29. SANCHACK K, THOMAS C. Autism spectrum disorder: primary care principles. *Am Fam Physician*, 2016; 94: 972-979.
30. BAUMER N, SPENCE S. Evaluation and management of the child with autism spectrum disorder. *Continuum (Minneapolis, Minn)*, 2018;24:248-275. Baumer N, Spence S. Evaluation and management of the child with autism spectrum disorder. *Continuum (Minneapolis, Minn)*, 2018;24:248-275. doi: 10.1212/CON.0000000000000578.
31. HYMAN SL, LEVY SE, MYERS SM and Council on Children with Disabilities, Section on Developmental and Behavioral Pediatrics. Identification, Evaluation, and Management of Children With Autism Spectrum Disorder. *Pediatrics*, 2020;145(1):e20193447. <https://doi.org/10.1542/peds.2019-3447>.
32. PALACIO-ORTIZ JD, LONDOÑO-HERRERA JP, NANCLARES-MÁRQUEZ A, ROBLEDÓ-RENGIFO P, QUINTERO-CADAVID CP. Trastornos psiquiátricos en los niños y adolescentes en tiempo de la pandemia por COVID-19. *Revista Colombiana de Psiquiatría*, 2020;49(4):279-288. <https://doi.org/10.1016/j.rcp.2020.05.006>
33. ZWAIENBAUM L, BAUMAN ML, FEIN D, ET AL. Early screening of Autism Spectrum Disorder: Recommendations for practice and research. *Pediatrics*, 2015;136 (Suppl.1):S41-S59. <https://doi.org/10.1542/peds.2014-3667D>
34. ZWAIENBAUM L, BAUMAN ML, CHOUERI R, ET AL. Early intervention for children with Autism Spectrum Disorder under 3 years of age: Recommendations for practice and research. *Pediatrics* 2015;136 (Suppl.1):560-581. <https://doi.org/10.1542/peds.2014-3667E>
35. LAI MC, KASSEE C, BESNEY R, BONATO S, HULL L, MANDY W, ET AL. Prevalence of co-occurring mental health diagnoses in the autism population: a systematic review and meta-analysis. *Lancet Psychiatry*, 2019;6:819–29.

36. DROGOMYRETSKA K, FOX R, COLBERT D. Brief report: stress and perceived social support in parents of children with ASD. *J Autism Dev Disord.* 2020 (0123456789).
37. JOHNSON CR. Sleep problems in children with mental retardation and autism. *Child Adol Psych Clin North Amer*, 1996;5(3):673–684. DOI: 10.1016/S1056-4993(18)30355-9
38. SINGH K, ZIMMERMAN AW. Sleep in autism spectrum disorder and attention deficit hyperactivity disorder. In: *Seminars in pediatric neurology.* Elsevier, 2015:113–125. DOI: 10.1016/j.spen.2015.03.006.9
39. WIGGS L, STORES G. Severe sleep disturbance and daytime challenging behaviour in children with severe learning disabilities. *J Intel Dis Res.* 1996;40(6):518-528. DOI: 10.1046/j.1365-2788.1996.799799.x
40. TÜRKÖĞLU S, UÇAR HN, ÇETİN FH, GÜLER HA, TEZCAN ME. The relationship between chronotype, sleep, and autism symptom severity in children with ASD in COVID-19 home confinement period. *Chronobiol Int.* 2020;37(8):1207-1213. doi: 10.1080/07420528.2020.1792485.
41. DAGYS N, MCGLINCHY EL, TALBOT LS, KAPLAN KA, DAHL RE, HARVEY AG. Double trouble? The effects of sleep deprivation and chronotype on adolescent affect. *J Child Psychol Psychiatry*, 2012;53(6):660-667. DOI: 10.1111/j.1469-7610.2011.02502.x
42. COLIZZI M, SIRONI E, ANTONINI F, CICERI ML, BOVO CH, ZOCCANTE L. Psychosocial and behavioral impact of COVID-19 in Autism Spectrum Disorder: An online parent survey. *Brain Sci.* 2020;10(6):341. doi: 10.3390/brainsci10060341
43. HUANG S, SUN T, ZHU Y, ET AL. Impact of the COVID-19 Pandemic on children with ASD and their families: An online survey in China. *Psychology Research and Behavior Management*, 2021;14:289-296.
44. AMORIM R, CATARINO S, MIRAGAIA P, FERRERAS C, VIANA V, GUARDIANO M. Impacto de la COVID-19 en niños con trastorno del espectro autista. *Rev Neurol* 2020;71:285-291. <https://doi.org/10.33588/rn.7108.2020381>
45. BONIS S. Stress and parents of children with autism: a review of literature. *Issues Ment Health Nurs.* 2016;37:153-163.
46. WHITMORE KW. Respite care and stress among caregivers of children with autism spectrum disorder: an integrative review. *J Pediatr Nurs.* 2016;31:630-652.
47. SHEPHERD D, LANDON J, TAYLOR S, GOEDEKE S. Coping and care-related stress in parents of a child with autism spectrum disorder. *Anxiety Stress Coping*, 2018;31:277-290.
48. JOHNSON CR, BROWN K, HYMAN SL, ET AL. Parent training for feeding problems in children with autism spectrum disorder: Initial randomized trial. *Journal of Pediatric Psychology*, 2019; 44(2):164-175. doi: 10.1093/jpepsy/jsy063

49. BANDINI LG, ANDERSON SE, CURTIN C, ET AL. Food selectivity in children with autism spectrum disorders and typically developing children. *The Journal of Pediatrics*, 2020;157(2):259-264. DOI: 10.1016/j.jpeds.2010.02.013
50. CURTIN C, HUBBARD K, ANDERSON SE, MICK E, MUST A, BANDINI LG. Food selectivity, mealtime behavior problems, spousal stress, and family food choices in children with and without autism spectrum disorder. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 2015;45(10):3308-3315. DOI: 10.1007/s10803-015-2490-x
51. WOODGATE RL, EDWARDS M, RIPAT JD, BORTON B, REMPEL G. Intense parenting: A qualitative study detailing the experiences of parenting children with complex care needs. *BMC Pediatrics*, 2015;15(1):197. <https://doi.org/10.1186/s12887-015-0514-5>.
52. BARROSO NE, MENDEZ L, GRAZIANO PA, BAGNER DM. Parenting stress through the lens of different clinical groups: A systematic review and meta-analysis. *Journal of Abnormal Child Psychology*, 2018;46(3):449-461. DOI: 10.1007/s10802-017-0313-6
53. HAYES SA, WATSON SL. The impact of parenting stress: A meta-analysis of studies comparing the experience of parenting stress in parents of children with and without autism spectrum disorder. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 2013;43(3):629-642. DOI: 10.1007/s10803-012-1604-y
54. CHAN KKS, LAM CB, LAW NCW, CHEUNG RYM. From child autistic symptoms to parental affective symptoms: A family process model. *Research in Developmental Disabilities*, 2018;75:22-31. DOI: 10.1016/j.ridd.2018.02.005
55. FRANTZ R, HANSEN SG, MACHALICEK W. Interventions to promote well-being in parents of children with autism: A systematic review. *Review Journal of Autism and Developmental Disorders*, 2018;5(1):58-77. <https://doi.org/10.1007/s40489-017-0123-3>
56. HALSTEAD E, EKAS N, HASTINGS RP, GRIFFITH GM. Associations between resilience and the well-being of mothers of children with autism spectrum disorder and other developmental disabilities. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 2018;48(4):1108-1121. DOI: 10.1007/s10803-017-3447-z
57. ALHUZIMI T. Stress and emotional wellbeing of parents due to change in routine for children with Autism Spectrum Disorder (ASD) at home during COVID-19 pandemic in Saudi Arabia. *Research in Developmental Disabilities*, 2021;108:103822. <https://doi.org/10.1016/j.ridd.2020.103822>
58. BELLOMO TR, PRASAD S, MUNZER T, LAVENTHAL N. The impact of the COVID-19 pandemic on children with autism spectrum disorders. *J Pediatr Rehabil Med*, 2020;13(3):349-354. DOI: 10.3233/PRM-200740.

O ACCESO Á XUSTIZA PARA PERSOAS CON TEA. VOLENTI NIHIL DIFFICILE

Ana M. Castro-Martínez¹

Doutora en Dereito. Presidenta de IN.XURGA

RESUMO

O obxecto deste texto é realizar unha análise sobre o acceso á xustiza das persoas con discapacidade profundando nas necesidades concretas das persoas con TEA (Trastorno do Espectro Autista). Abórdase de forma sucinta o ámbito legal no que se enmarca o dereito para acceder á xustiza en condicións de igualdade, así como unhas breves pinceladas polos conceptos de maior usabilidade na materia. Seguidamente, íspense algunhas carencias do sistema, así como posibles solucións co fin de implementar o xenuíno acceso á xustiza enfocado á efectividade nas persoas con TEA.

PALABRAS CLAVE: TEA, persoas con discapacidade, acceso á xustiza, vulneración de dereitos, accesibilidade.

¹ A autora é unha muller con discapacidade física e sensorial desde o nacemento. Avogada exercente con despacho propio en Vilagarcía de Arousa Pontevedra https://m.actiweb.es/abogadaanacastromartinez/comunicacións_cientificas.html. Presidenta de IN.XURGA (Xuristas de Galicia pola Inclusión) <https://www.actiweb.es/inxurga/index.html>. Grao en Dereito UNED/UNED e Ciencias Empresariais UVigo. Doutora en Dereito UNED/UNED-Escola Internacional de Doutoramento: “Educación inclusiva para el alumnado con discapacidad intelectual/enfermedad mental en centros penitenciarios de la Unión Europea”. Mestrado Dereitos Fundamentais UNED/UNED con matrícula de honra TFM: “Estudio del tratamiento jurisdiccional de la discapacidad. La discriminación positiva jurisdiccional en el colectivo de las personas con discapacidad”. Mestrado Discapacidade, Autonomía Persoal e Atención á Dependencia UIMP con TFM: “La figura de la persona facilitadora en el ámbito penal. Intervención en el ámbito penitenciario”. Posgrao Experta en Familia e Sucesións USC. Experiencia docente de máis de 25 anos con persoas con discapacidade en temática empresarial, xurídica/discapacidade e informática. Numerosos cursos de formación no ámbito de Dereito e Empresas. Publicación de artigos, capítulos de libro, colaboracións. <https://orcid.org/0000-0002-2539-577X>. Relatora en Congresos. Conferenciante en temática de discapacidade e a contorna penal. <https://www.researchgate.net/profile/ana-M-Castro-Martinez>

Dirección: Iralis: Castro, A. M. Correo electrónico: acastro27@alumno.uned.es Telf.: 616 683 767

**O acceso á xustiza para as persoas con TEA. Volenti Nihil difficile². Ámbito legal.
Que din as leis**

*Non hai que temer a nada na vida,
só tratar de comprender. Marie Curie.*

Ditouse multitude de normativa que devén preceptiva en canto ao acceso á xustiza en condicións de igualdade para as persoas con discapacidade. E dicimos multitude porque son moitas, quizais demasiadas, aínda que o destacable non é a contía de leis promulgadas senón se o seu cumprimento é efectivo e real a prol de asegurar o contido do dereito.

Se facemos un percorrido polas leis, atopámonos coa Constitución española, que no seu artigo 9.2³ lles ordena aos poderes públicos erradicar as barreiras que bloqueen a participación da cidadanía na vida pública. Por tanto, o exercicio do acceso á xustiza ten vedado atopar trabas mesmo cando se é unha persoa con TEA. No artigo 10.1⁴ do mesmo texto legal prioriza sen condicións a dignidade da persoa e os seus dereitos. Así, no 14⁵ ditamina que todas as persoas somos iguais polo que inclúe ás persoas con TEA incidindo en que non pode existir discriminación por causa ningunha. Para pechar o círculo da Carta Magna o artigo 49 obriga os poderes públicos a efectuar políticas de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos *diminuídos* físicos, sensoriais e psíquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararanos especialmente para o gozo dos dereitos que este título lles outorga a todos os cidadáns. Complementábase a nivel estatal coa Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social⁶.

Se nos centramos no acceso á xustiza na nosa Constitución atopámolo no artigo 24⁷. Se profundamos nas persoas con discapacidade, este atópase regulado no artigo

2 *Volenti nihil difficile*: locución latina que significa “querer é poder”.

3 “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

4 “A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento do orden político e da paz social.

5 “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

6 <https://www.boe.es/eli/es/rdlg/2013/11/29/1/con>

7 “1. Todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. 2. Así mesmo, todos teñen dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei, á defensa e á asistencia de letrado, a ser informados da acusación formulada contra eles, a un proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, a utilizar os medios de proba pertinentes para a súa defensa, a non declarar contra si mes-

13⁸ da CDPD⁹ (Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade) e é un principio inescusable nun Estado de Dereito onde o cidadán debe ter garantido ese acceso en condicións de igualdade e sen ningún tipo de discriminación adoptando os medios necesarios para a súa efectividade incluído a formación das persoas operadoras xurídicas. Cómpre resaltar que as persoas con TEA que precisen de axustes de procedemento ou outras ferramentas facilitadoras deben ser proporcionadas.

Debemos ter en conta tamén os “Principios e directrices internacionais sobre o acceso á xustiza das persoas con discapacidade” (agosto 2020, Xenebra¹⁰)¹¹ que foron referendados pola Comisión Internacional de Xuristas, a Alianza Internacional da Discapacidade e o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento.

Outro indicador importante enfocado ás persoas con TEA é a “Estratexia española en trastornos do espectro do autismo”¹² que na súa liña 13 trata a “Xustiza e apoderamento de dereitos” resaltando o potencial transformador da defensa dos seus propios dereitos.

mos, a non confesarse culpables e á presunción de inocencia. A lei regulará os casos en que, por razón de parentesco ou de secreto profesional, non se estará obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delituosos.

8 “Os Estados partes asegurarán que as persoas con discapacidade teñan acceso á xustiza en igualdade de condicións coas demais, mesmo mediante axustes de procedemento e adecuados á idade, para facilitar o desempeño das funcións efectivas desas persoas como participantes directos e indirectos, incluída a declaración como testemuñas, en todos os procedementos xudiciais, con inclusión da etapa de investigación e outras etapas preliminares. Co fin de asegurar que as persoas con discapacidade teñan acceso á xustiza, os Estados partes promoverán a capacitación adecuada dos que traballan na Administración de xustiza, incluído o persoal policial e penal”.

9 <https://www.un.org/esa/socdev/enable/documents/tccconvs.pdf>

10 <http://www.infocoponline.es/pdf/access-to-Justice-SP.pdf>

11 P1 Todas as persoas con discapacidade teñen capacidade xurídica e, por tanto, a ninguén se lle negará o acceso á xustiza por motivos de discapacidade. P2 As instalacións e servizos deben ter accesibilidade universal para garantir a igualdade de acceso á xustiza sen discriminación das persoas con discapacidade. P3 As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e as nenas con discapacidade, teñen dereito a axustes de procedemento adecuados. P4 As persoas con discapacidade teñen dereito a acceder á información e as notificacións legais no momento oportuno e de maneira accesible en igualdade de condicións coas demais. P5 As persoas con discapacidade teñen dereito a todas as salvagardas substantivas e de procedemento recoñecidas no dereito internacional en igualdade de condicións coas demais e os Estados deben realizar os axustes necesarios para garantir o debido proceso. P6 As persoas con discapacidade teñen dereito a asistencia xurídica gratuíta ou a un prezo alcanzable. P7 As persoas con discapacidade teñen dereito a participar na Administración de xustiza en igualdade de condicións coas demais. P8 As persoas con discapacidade teñen dereito a presentar denuncias e iniciar procedementos legais en relación con delitos contra os dereitos humanos e violacións destes, a que se investiguen as súas denuncias e a que se lles proporcionen recursos efectivos. P9 Os mecanismos de vixilancia sólidos e eficaces teñen un papel fundamental de apoio ao acceso á xustiza das persoas con discapacidade. P10 Deben proporcionarse programas de sensibilización e formación sobre os dereitos das persoas con discapacidade, particularmente en relación co seu acceso á xustiza, a todos os traballadores do sistema de xustiza.

12 http://www.autismo.org.es/sites/default/files/folleto-estratexia-impresion_2018-final-recortado.pdf

Desde a perspectiva estritamente xudicial, cando a persoa con TEA se ve inmersa no sistema penal pode adoptar distintos papeis: ser vítima (Estatuto da vítima¹³), persoa autora do delito, persoa recluída (artigo 17 CE¹⁴) ou mesmo testemuña. En todas as posicións que adopte vai recibir a firme garantía de protección do sistema que terá en conta as súas limitacións individuais no acceso á xustiza adoptando, segundo normativa preceptiva, todos os remedios para liquidar as dificultades que poidan darse antes, durante e despois do procedemento. Con todo, topámonos con que a crúa realidade nos reporta feitos ben distintos que trataremos no apartado “Carencias do sistema”.

Non podemos deixar de citar as 100 Regras de Brasilia¹⁵ que actúan a modo de postulados mínimos co fin de garantir o acceso á xustiza ás persoas en situación de vulnerabilidade onde quedan incluídas as persoas con TEA.

Outro aspecto xudicial é o ámbito civil, administrativo ou laboral onde se detectan grandes dificultades para acceder en igualdade de condicións á xustiza.

Ámbito conceptual. Que significan os termos utilizados

Cando nos referimos a “persoa con discapacidade” tomamos a definición do artigo 1 da CDPD: as persoas con discapacidade inclúen a aquelas que teñan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.

Co termo “persoa con TEA” asumimos os criterios do DSMV: A. Deficiencias persistentes e clinicamente significativas na comunicación e interacción social que se presentan en diferentes contextos, xa sexa actualmente ou no pasado: Deficiencias de reciprocidade socioemocional, graves dificultades na comunicación non verbal, interferencia para desenvolver relacións sociais adecuadas ao seu nivel de desenvolvemento.

13 <https://www.boe.es/eli/es/l/2015/04/27/4/con>

14 “1. Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade. Ninguén pode ser privado da súa liberdade, senón coa observancia do establecido neste artigo e nos casos e na forma previstos na lei. 2. A detención preventiva non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das investigacións tendentes ao esclarecemento dos feitos, e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou ao dispor da autoridade xudicial. 3. Toda persoa detida debe ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención, e non poderá ser obrigada a declarar. Garántese a asistencia de avogado ao detido nas dilixencias policiais e xudiciais, nos termos que a lei estableza. 4. A lei regulará un procedemento de «habeas corpus» para producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente. Así mesmo, por lei determinarase o prazo máximo de duración da prisión provisional”.

15 <https://www.acnur.org/fileadmin/documentos/bdl/2009/7037.pdf> e <http://www.cumbrejudicial.org/comision-de-seguimento-de-as-regras-de-brasilvia/documentos-comision-de-seguimento-de-as-regras-de-brasilvia/item/817-cen-regulas-de-brasilvia-actualizadas-version-abril-2018-xix-cume-xudicial-assembly-plenaria-san-francisco-de-quito>

to. B. Presenza de patróns de comportamento, intereses e actividades restrinxidos e repetitivos. C. Os síntomas deben presentarse na primeira infancia. D. O conxunto de síntomas crea interferencia no funcionamento no día a día.

Como “trastornos do neurodesenvolvemento” acollemos a postura de Thapar, Cooper e Rutter¹⁶: un grupo de condicións heteroxéneas que se caracterizan por un atraso ou alteración na adquisición de habilidades nunha variedade de dominios do desenvolvemento incluídos o motor, o social, a linguaxe e a cognición.

En canto ao concepto de “accesibilidade cognitiva” entendemos que é a condición para cumprir tanto por textos como pola contorna en xeral co fin de que todas as persoas se atopen en situación de entendela sen dificultades.

Doutra banda, os “axustes razoables” son todas as modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran nun caso particular, para garantirles ás persoas con discapacidade o gozo ou exercicio, en igualdade de condicións coas demais, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais (Artigo 2 Definicións CDPD). Neste mesmo texto legal defínese a “comunicación”¹⁷ e “linguaxe”¹⁸.

Como “axustes de procedemento” entendemos as adaptacións que poderían realizarse nos procedementos co obxecto de diminuír a situación de vulnerabilidade das persoas con discapacidade a fin de superar as barreiras que lles separan da igualdade e que os poderes públicos teñen a obrigaición de proporcionar por mandato constitucional.

Carencias do sistema (Que déficits atopamos) e solucións posibles (Formas de superar os problemas)

Na contorna xurídica, e máis concretamente no xudicial, estamos obrigados a atender as necesidades das persoas con discapacidade en base á argumentación esgrimida no apartado “ámbito legal”. Co fin de fornecer de forma correcta os axustes que a persoa con TEA necesita ao enfrontarse a este ámbito de seu complicado e case-inaccesible mesmo para a cidadanía sen limitacións por razón de discapacidade é preciso coñecer en profundidade as características destas persoas.

Por unha banda, deixar patente a situación de gran vulnerabilidade na que se atopan as persoas con TEA cando interaccionan coa sociedade e por outro, profundar nas especificacións tales como as alteracións na comunicación/interacción social (Chomsky,

16 Thapar A, Cooper M., Rutter M. Neurodevelopmental disorders. *Lancet Psychiatry*. 2017;4:339-346.

17 “Incluír as linguaxes, a visualización de textos, o Braille, a comunicación táctil, os macrotipos, os dispositivos multimedia de fácil acceso, así como a linguaxe escrita, os sistemas auditivos, a linguaxe sinxela, os medios de voz dixitalizada e outros modos, medios e formatos aumentativos ou alternativos de comunicación, incluída a tecnoloxía da información e as comunicacións de fácil acceso”.

18 “Entenderase tanto a linguaxe oral como a lingua de acenos e outras formas de comunicación non verbal”.

1988), as dificultades de control de conduta, a hipersensibilidade, a rixidez de conduta/pensamento, o nulo ou pobre desenvolvemento da linguaxe (Habermas, 1987)¹⁹.

Cando entran en contacto co mundo xudicial precisan de apoios específicos con base nas súas características, pero atopámonos na realidade con que estes axustes non están á súa disposición. A devandita situación deriva en que haberá que solicitálos ao órgano xudicial por parte da avogacía/Ministerio Fiscal. O certo é que unha vez expostos ante o Tribunal non adoitan denegarse. As trabas topámolos en que non se estiman en toda a amplitude que a parte solicita. A saber: se se peticióna unha persoa facilitadora profesional para asistir a persoa con TEA durante o procedemento xudicial o máis habitual é que esta figura non exista no sistema ou teña que solicitarse a outra comunidade autónoma, suplindo esta un profesional da psicoloxía que a maioría das veces non ten coñecementos xurídicos suficientes para realizar o labor en condicións óptimas. Ocorre tamén que se se solicita unha persoa facilitadora que ostente a condición de familiar ou profesional de atención directa pódese denegar pola mesma razón apuntada anteriormente e é que non está preparado para esa función. Todo o exposto lévanos á necesidade de incluír no sistema a figura da persoa facilitadora²⁰ (Castro-Martínez, 2019) como persoal funcionario ao servizo dos órganos xudiciais sen máis demora.

A pesar da extraordinaria importancia do dereito para entender na vida das persoas con TEA, os escasos medios existentes están limitados a procedementos civís de modificación da capacidade ou de índole penal de forma moi puntual esquecendo os procesos laborais ou contencioso-administrativos. Debería, por tanto, ampliarse ao resto de áreas do Dereito e non quedar constringido só a algunhas parcelas.

Con relación aos déficits no ámbito da comunicación detectamos que non existen ferramentas facilitadoras da comprensión ao servizo da persoa con TEA. Como no suposto anterior hai que solicitálos expresamente pero aínda así e mesmo sen denegalos non existen servizos na Administración de Xustiza avocados para tal fin sendo que a persoa con TEA debe facerse cargo de adaptacións de textos a técnica facilitadoras²¹ (Castro-Martínez, 2018) como lectura fácil, pictogramas ou linguaxe sinxela. Certo que algunha ONG dispón de orzamento público para adaptacións de textos sendo esta tarefa moi limitada a sentenzas sobre modificacións da capacidade realizadas a modo estándar que non solucionan o problema. En resumo, que urxe a xeración dun servizo público que cumpra esta misión á que teñen dereito estas persoas.

19 Habermas, J. (1987). Teoría de la acción comunicativa.

20 Castro-Martínez, A. M. (2019). La figura de la persona facilitadora en el ámbito penitenciario en relación a personas con discapacidad intelectual y enfermedad mental que están cumpliendo condena.

21 Castro-Martínez, A. M. (2018). La especificidad de la lengua en la adaptación de textos en lectura fácil a alumnado con discapacidad intelectual.

A colación do tratado no punto anterior, observamos que aínda que eses medios que facilitan a comunicación²² escrita con técnicas de adaptación de textos son mínimos tampouco se dá en sede xudicial unha apertura ampla á comunicación verbal substituíndo o escrito polo verbalizado e con extensión a todos os pasos do procedemento respectando a idade e nivel cognitivo da persoa con TEA. Non se adecúa tampouco a linguaxe usada de forma verbal, non se utilizan termos comprensibles para a persoa con TEA independentemente que sexa parte demandante/demandada, testemuña, autor/vítima, examinado por médico forense/equipo psicosocial. Descóñense por parte das persoas profesionais as pautas no proceder destas persoas en canto aos tempos de resposta (maior lentitude, falta de concentración, pouco e pobre linguaxe, necesidade de anticipación) Todo iso, conduce a unha grave vulneración de dereitos que deben ser esixidos.

Outro gran desafío é a especialización dos operadores xurídicos. En concreto, na avogacía cóñécense casos anecdóticos de quendas de oficio en materia de discapacidade/dependencia nalgún colexio profesional para a atención da asistencia xurídica gratuíta non sendo a xeneralidade. É inaudito que unha persoa TEA inmersa nun procedemento xudicial non sexa asistida por profesional que coñeza as súas características ou poida comunicarse de forma efectiva para levar a bo fin o proceso. É outra flagrante evidencia da non implementación dos dereitos destas persoas polos poderes públicos.

Outro indicador é o baixo acollemento da técnica de mediación con estas persoas que entendemos a máis adecuada en moitos asuntos, con todo, non se acode a ela. No ámbito escolar a calquera nivel, en violencia doméstica ou se é un menor sería máis idóneo este sistema de resolución de conflitos.

Un aspecto moi importante é o apoderamento destas persoas con relación a asumir a súa responsabilidade en canto á defensa dos seus propios dereitos empezando por coñecelos e continuando por exercelos. Para iso deben poñerse á súa disposición medios públicos e non deixar esa faceta exclusivamente en mans das ONG.

Se nos centramos nas fases anteriores ao comezo do procedemento, observamos que en Comisaría/Guardia Civil ou mesmo nos xulgados de garda non existen modelos normalizados adaptados a ferramentas facilitadoras co fin de interpoñer denuncia. Así mesmo, topamos persoal funcionario que asiste cun trato inadecuado por falta de formación en materia de discapacidade. Tampouco se respecta en ocasións o dereito á intimidade nas instancias policiais/xudiciais. O que antecede lévanos a inferir que neste ámbito é necesario tamén formación especializada en materia de discapacidade/dependencia incidindo nas características propias das persoas con TEA.

Se o momento no que nos atopamos é de execución dunha sentenza que inclúe reclusión nun centro penal os dereitos non decaen. Debe esixirse tratamento indivi-

22 Castro-Martínez, A. M. (2021). Facilitar la comunicación. El método COM-T.

dualizado respectando a persoa con TEA e poñendo todos os medios para que durante a súa estancia en prisión non se vulneren os seus dereitos nin se incorra en ningunha discriminación (Castro-Martínez, 2019)²³.

Conclusiones. Repensar a cuadratura do círculo

Afirmase que a cuadratura do círculo é misión imposible. Con todo, para o ser humano ningunha cuestión debe exporse irresoluble, precisamente porque buscar respostas a preguntas foi o motor que fixo avanzar a sociedade ao longo da historia. E non só deberían formularse de maneira individual senón desde toda a colectividade axuntando forzas para un cambio necesario que mellore a nosa contorna cara a unha sociedade máis xusta.

No tema tratado detectamos que se ditaron infinidade de normas para regular o acceso á xustiza para as persoas con discapacidade. O tempo pasa e seguen sen cumprirse. Quizais chegou o momento de cuestionarse se é válido o fenómeno de legislar e legislar *sine die* cando na realidade non somos capaces de implementar o contido do que se dita. Por unha banda, ordénaselles aos poderes públicos máximo respecto inclusive removendo obstáculos que entorpezan o acceso á igualdade de todas as persoas. Por outro, na sociedade non termina de asentarse o concepto do “respecto ao outro” e é exemplo patente o aumento de delitos de odio entre os que topamos os acometidos contra persoas con discapacidade/dependencia. Cabe preguntarse se se esfumou o profundo sentido aristotélico de “darlle a cada un o seu”.

É evidente que non o logramos. Para mostra un botón: o imparabile fenómeno de legislar, a firme vontade política que se atopa diluída, o incremento na vulneración de dereitos ou as innumerables discriminacións en materia de discapacidade. Talvez a solución non sexa só cuestión de orzamentos ou recursos humanos ou interese no cumprimento da lexislación. Os cambios sociais xéstanse durante longo tempo. Os muros levantados desde os inicios da historia continúan, esas barreiras infranqueables que separan as persoas con discapacidade da igualdade e que a normativa vixente prohíbe pero que no século XXI non se erradicaron.

Exposto o anterior, e sen ánimo de sentar cátedra, non podo máis que afirmar que existe esperanza e o problema ten solución, só debemos cadrar a normativa coa realidade dando o que cada cal precise nunha nova sociedade que respecte o próximo por encima das súas diferenzas e limitacións. Como ben apuntaba Rawls “a xustiza como equidade para atender a cidadanía que se atopa en desvantaxe”. As persoas con TEA en equilibrio co resto non debería ser un soño inalcanzable.

23 Castro-Martínez, A . M. (2019). Incidencia en la salud mental de personas con discapacidad intelectual inmersas en procedimientos judiciales tras adaptar la resolución dictada y alcanzar su comprensión.

E neste repensar, termino como comecei este texto: *VOLENTI NIHIL DIFFICILE*. Querer é poder e logralo está só nas nosas mans porque nada é difícil para quen ten vontade. Esta é a única solución á cuadratura do círculo.

Bibliografía

- AMERICAN PSYCHIATRIC ASSOCIATION. DSMV, 2013. Dispoñible en: <https://www.eafit.edu.co/ninos/reddelaspreguntas/Documents/dsm-v-guia-consulta-manual-diagnostico-estadistico-trastornos-mentales.pdf>
- BOE. *Constitución Española*. Congreso de los Diputados, 1978. Dispoñible en: [https://www.boe.es/eli/es/c/1978/12/27/\(1\)](https://www.boe.es/eli/es/c/1978/12/27/(1)).
- BOE. *Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social*, 2013. Dispoñible en: <https://www.boe.es/eli/es/rdlg/2013/11/29/1>
- BOE. *Estatuto de la víctima*, 2015. Dispoñible en: <https://www.boe.es/eli/es/l/2015/04/27/4/con>
- CASTRO-MARTÍNEZ, A. M., *La especificidad de la lengua en la adaptación de textos en lectura fácil a alumnado con discapacidad intelectual*, 2018 . Dispoñible en: https://www.researchgate.net/publication/348557190_La_especificidad_de_la_lengua_en_la_adaptacion_de_textos_en_lectura_facil_a_alumnado_con_discapacidad_intelectual
- CASTRO-MARTÍNEZ, A. M., *Incidencia en la salud mental de personas con discapacidad intelectual inmersas en procedimientos judiciales tras adaptar la resolución dictada y alcanzar su comprensión*, 2019. Dispoñible en: https://www.researchgate.net/publication/351365601_Incidencia_en_la_salud_mental_de_personas_con_discapacidad_intelectual_inmersas_en_procedimientos_judiciales_tras_adaptar_la_resolucion_dictada_y_alcanzar_su_compreension
- CASTRO-MARTÍNEZ, A. M., *La figura de la persona facilitadora en el ámbito penitenciario en relación a personas con discapacidad intelectual y enfermedad mental que están cumpliendo condena*, 2019. Dispoñible en: https://www.researchgate.net/publication/351365708_La_figura_de_la_persona_facilitadora_en_el_ambito_penitenciario_en_relacion_a_personas_con_discapacidad_intelectual_y_enfermedad_mental_que_estan_cumpliendo_condena
- CASTRO-MARTÍNEZ, A. M., *Facilitar la comunicación. El método COM-T*, 2021. Disponible en: https://www.researchgate.net/publication/351248865_Facilitar_la_comunicacion_El_metodo_COM-T
- CHOMSKY, N. *El lenguaje y los problemas del conocimiento*, 1988. Disponible de: <https://lecturayescrituraunrn.files.wordpress.com/2013/08/chomsky-ellenguaje-y-los-problemas-del-conocimiento.pdf>

- CUMBRE JUDICIAL IBEROAMERICANA. *Reglas de Brasilia*, 2008. Disponible en: <https://www.acnur.org/fileadmin/Documentos/BDL/2009/7037.pdf>
e actualizadas, 2018. Disponible en: <http://www.cumbrejudicial.org/comision-de-seguimiento-de-las-reglas-de-brasilia/documentos-comision-de-seguimiento-de-las-reglas-de-brasilia/item/817-cien-reglas-de-brasilia-actualizadas-version-abril-2018-xix-cumbre-judicial-asamblea-plenaria-san-francisco-de-quito>
- HABERMAS, J., *Teoría de la acción comunicativa. Volumen 1: Racionalidad de la acción y racionalización social*, 1987. Taurus. Disponible en: <https://zoonpolitikonmx.files.wordpress.com/2014/03/habermasjurgen-teoria-de-la-accion-comunicativa-i.pdf>
- ESTRATEGIA ESPAÑOLA EN TRASTORNOS DEL ESPECTRO DEL AUTISMO. Disponible en: <https://www.mscbs.gob.es/ssi/discapacidad/informacion/estrategiaEspanolaAutismo.htm>
- ONU. *Convención sobre los derechos de las personas con discapacidad*, 2006. Disponible en: <https://www.un.org/esa/socdev/enable/documents/tccconvs.pdf>
- ONU. *Principios y directrices internacionales sobre el acceso a la justicia de las personas con discapacidad*, 2020. Disponible en: <https://www.un.org/development/desa/disabilities/wp-content/uploads/sites/15/2020/10/Access-to-Justice-SP.pdf>
- RAWLS. *Justicia como equidad*, 2002. Madrid. Tecnos.
- THAPAR, A., COOPER, M., RUTTER, M., *Neurodevelopmental disorders*. *Lancet Psychiatry*. 2017;4:339-346.

EVOLUCIÓN DA LINGUAXE E AUTISMO: LECCIÓN DESDE O PALEOLÍTICO

Xurxo Mariño¹

Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas. Universidade da Coruña*

RESUMO

A evolución da linguaxe é un dos grandes problemas da ciencia actual xa que, por unha banda, trátase de afondar na propia natureza humana, mais, para realizar as investigacións non existen pistas directas coas que traballar. As hipóteses constrúense a partir de datos indirectos que proveñen da paleoantropoloxía, a lingüística, a neurociencia e outras disciplinas. Neste artigo indícanse varios achados na investigación sobre o autismo que poden ter relevancia nos avances sobre a evolución da linguaxe e tamén sobre o estudo das características cognitivas dos humanos do Paleolítico Superior.

PALABRAS CLAVE: gramática xenerativa, gramática funcionalista, ostensivo-inferencial, cegueira ao contexto, arte rupestre.

- 1 O autor é licenciado en Ciencias Biolóxicas pola USC (1992). Mestría en Neurociencia pola Universidade Internacional de Andalucía (1998). Doutor en Ciencias Biolóxicas pola USC (1998). **Actividade docente:** Fisioloxía Animal, Biofísica, Fisioloxía Xeral, Citoloxía e Histoloxía na USC. Profesor contratado doutor e investigador da UDC (Departamento de Medicina). **Actividade investigadora:** Departamento de Bioloxía Animal. Facultade de Bioloxía, USC. Departamento de Fisioloxía. Facultade de Medicina, USC (Dr. Antonio Canedo). En 1998 colaboración co equipo de investigación de neurofisioloxía do New York University Medical Center. NY, Estados Unidos (Dr. Rodolfo Llinás). Entre 2000 e 2003 colaboración co Department of Brain and Cognitive Science, Massachusetts Institute of Technology (MIT). Estados Unidos (Dr. Mri-ganka Sur). En 1999-02 e 2004 – 2017, investigador do equipo de Neurofisioloxía do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña. **Liñas de investigación:** electrofisioloxía e farmacoloxía do sistema tálamo-cortical. Electrofisioloxía do ciclo sono/vixilia. **Publicacións científicas:** máis de 30 publicadas nas revistas: Sociedad Española de Historia Natural, Neuroscience, News In Physiological Sciences, Revista de Neurología, Comput. Neural Syst., Journal of Neuroscience, Nature Neuroscience, Journal of Physiology, Cerebral Cortex, Mathematical Biosciences and Engineering, entre outras. **Libros publicados:** Os dados do reloxeiro. Ciencia amena para mentes inquietas. Edit. Consello da Cultura (2005). Po de estrelas. Novas receitas científicas de os dados do reloxeiro. Edit. Consello da Cultura (2008). Neurociencia para Julia. Edit. Laetoli (2012). Terra. Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo. Edit. Xerais (2017). El misterio de la mente simbólica. Cerebro, lenguaje y evolución. Edit. EMSE-EDAPP. La conquista del lenguaje. Edit. Shackleton (2020). Unha mente que voa. Edit. Xerais (2020).

* Na actualidade en excedencia.

Introdución

As reflexións e aproximacións experimentais á mente humana nacen co serio problema da inaccesibilidade: o estado mental que cada un de nós xera durante a vixilia é persoal e intransferible, ninguén máis pode entrar aí. A nosa vida social susténtase nunha concesión: asumimos que as outras persoas teñen mente e que non son organismos inconscientes facéndose pasar por seres pensantes. É unha asunción que funciona, que probablemente estea acorde coa verdadeira natureza da ‘condición de ser un mesmo’ pero que, en rigor, non podemos demostrar. A mente é un produto do encéfalo que precisa dun contorno social para se manifestar pero que, de xeito paradoxal, non pode saír de si mesma. Os únicos animais coñecidos que poden sequera achegarse un pouco á posibilidade de entrever en que consisten as mentes alleas somos os humanos modernos, grazas á linguaxe, unha ferramenta para xerar pensamentos abstractos que permite ademais a súa exteriorización e transplante. A linguaxe é tamén a chave que nos permite acceder á ética e, entre outras cousas, reflexionar sobre a posibilidade do libre albedrío e a capacidade de poder causal da consciencia.

Linguaxe vs sistemas de comunicación animal

A elaboración dunha teoría coherente sobre a evolución da linguaxe nos seres humanos é un dos retos máis grandes –e ao mesmo tempo fascinantes– que ten a ciencia na súa lista de tarefas pendentes. É importante porque a linguaxe é a esencia da mente moderna (en paleoantropoloxía os humanos actuais, *Homo sapiens*, denominámonos tamén humanos modernos, para diferenciarnos doutras especies de humanos arcaicos como *Homo erectus*, *Homo heidelbergensis*, *Homo neanderthalensis* etcétera). Á parte do feito de que as palabras e os comportamentos non deixan fósiles directos, está o problema de que non temos nada –nin ninguén– con que compararnos: ningún animal coñecido posúe nada que se asemelle á linguaxe. Os chamados sistemas de comunicación animal utilizan maioritariamente índices (signos ligados ao aquí e agora, cunha relación directa co que se quere comunicar), carentes de sintaxe. A linguaxe, pola súa banda, é outra cousa: trátase dun sistema que utiliza símbolos (signos cos que se establece unha relación de referencia entre un obxecto, unha acción ou unha idea e unha representación arbitraria destes, ben sexa oral, xestual ou escrita), ligados entre si mediante unha sintaxe que permite xerar contidos novos a partir da combinación duns poucos elementos. Os sistemas simbólicos, ademais, transcenden o aquí e agora (característica que en lingüística se chama *desprazamento*): coa linguaxe podemos facer referencia ao pasado, elaborar e comunicar un plan de acción para o futuro ou incluso pensar en cousas que non existen.

Gramática xenerativa, gramática funcionalista e evolución

As distintas teorías que se elaboran sobre a evolución da linguaxe teñen implicacións directas e moi interesantes co estudo do autismo. Para algúns modelos –como o

da *gramática xenerativa*– a linguaxe xurdiu inicialmente como unha ferramenta para o pensamento abstracto que, con posterioridade, se exteriorizou e permitiu a comunicación de ideas complexas dunha mente a outra. Segundo isto, a linguaxe sería un código: estereotipada, máis ou menos ríxida e cun substrato –unha gramática– universal. A persoa que quere comunicar algo codifica a súa mensaxe nun sinal, que é descodificado por aquelas receptoras provistas dunha copia do mesmo código. Nalgunhas formas de pensamento humano –e, por suposto, na escrita– a linguaxe funciona, en efecto, coma un código. Porén, na comunicación ordinaria –xa sexa oral ou xestual–, o que usamos é un código embebido nunhas roupaxes ostensivo-inferenciais. A persoa que comunica algo utiliza un rico contexto de estímulos –entoación, expresións corporais, localización física, contorno social etcétera; esta é a parte ostensiva– que axudan a xerar na receptora o significado correcto, a inferir a mensaxe a partir das evidencias provistas.

A gramática xenerativa propónse solucionar o problema da aparición da linguaxe (unha linguaxe-código) a partir dalgunha mutación xenética recente –ocorrida nalgún momento dos últimos 150 000 anos– que propiciaría o desenvolvemento no encéfalo dun órgano ou dunha rede de conexións específicos para a linguaxe, e que sería a base para a gramática de todas as linguas, explicando deste xeito a natureza universal da devandita gramática. A comunicación ostensivo-inferencial, pola súa banda, adáptase mellor ás teorías sobre a evolución da linguaxe que parten da *gramática funcionalista*. Segundo esta, é posible explicar a existencia dunha gramática universal sen necesidade de recorrer a un órgano encefálico específico: a linguaxe desenvolveríase mediante un lento proceso de selección natural e cultural ao longo dos últimos dous millóns de anos. A capacidade innata que temos os humanos modernos para apreender unha lingua sería unha consecuencia desa selección natural. De xeito simultáneo produciríase unha evolución cultural mediante a chamada *selección lingüística*: as linguas modifícanse no proceso da súa aprendizaxe e adquiren aquelas estruturas que son máis doadas de asimilar polas mentes dos pequenos humanos, orixinando de xeito automático unha gramática universal.

O feito de que no autismo a comunicación ostensivo-inferencial estea comprometida achega unha nova e interesante pista para os estudos sobre a evolución da linguaxe, que apunta na dirección da gramática funcionalista. Ademais, as propostas que existen para tratar de explicar o fallo na comunicación ostensivo-inferencial no autismo poden ser de grande axuda para refinar os modelos sobre a evolución da linguaxe. Por exemplo, no anterior número de *Maremagnum* (24, 2020) reproducécese un artigo de Peter Vermeulen no que explica algúns aspectos da suposta cegueira ao contexto que existe no autismo (dentro da hipótese de coherencia central débil), e no cal fai unha interesante puntualización: nun acto comunicativo o contexto pode utilizarse de dous modos distintos, ben para xerar un *procesamento global* (“a habilidade para ‘ver o bosque a partir das árbores’”) ou ben para xerar un *procesamento contextual* (“a habilidade ‘para usar o bosque de xeito que permita recoñecer as árbores como

árbores”). O que Vermeulen quere dicir con isto é que a hipótese da coherencia central non só explicaría un estilo perceptivo focalizado nos detalles –procesamento global débil–, senón que tamén daría conta das dificultades para usar o contexto na construción de significado –procesamento contextual débil. Estes apuntamentos son de grande utilidade á hora de elaborar modelos sobre os distintos estilos cognitivos que puideron existir nas distintas especies de humanos que poboaron o Paleolítico e que, á súa vez, serían de axuda para avanzar nas pescudas sobre a evolución da linguaxe.

Mais a cousa non remata aquí. A mente autista pode iluminar os estudos sobre a evolución da linguaxe desde máis ángulos. Unha cuestión clave é a da natureza dunha mente que carece de linguaxe (linguaxe produtiva, receptiva ou ambas), como a que presuntamente posuían os nosos antecesoros de hai máis de dous millóns de anos. O seu pensamento, como o doutros mamíferos, debería de consistir nalgún tipo de ‘imaxe’ sensorial. Tería ese estado mental algún parecido co procesamento mental con base en imaxes visuais que flúe, por exemplo, pola mente de Temple Grandin (como ela mesma explica)? (Neste contexto, a expresión ‘imaxe visual’ non é unha redundancia. Utilizo o termo ‘imaxe’ para facer referencia á representación interna que se orixina a partir de calquera sistema sensorial, ben sexa visual, táctil, olfactiva etcétera). De xeito similar a como o caso de Helen Keller botou luz sobre a natureza da mente prelingüística (Helen Keller foi unha nena xordo-cega que non recibiu ningún tipo de educación formal ata os sete anos. Unha vez que aprendeu unha linguaxe, a súa mente desenvolveuse con gran velocidade. De adulta escribiu varios libros de grande interese, entre eles *‘O mundo no que vivo’* onde explica o seu mundo mental e perceptivo, tanto antes de posuír linguaxe como despois), as persoas autistas poden ser de grande axuda para coñecer a evolución da mente humana e, en concreto, da linguaxe, xa que manexan estilos cognitivos de pensamento que ata hai pouco eran ignorados nos estudos paleoantropolóxicos.

A relación entre o autismo e a arte do Paleolítico Superior

En 1998 o neuropsicólogo Nichola Humphrey publicou na revista *Cambridge Archaeological Journal* un traballo sorprendente titulado *Cave art, autism, and the evolution of the human mind*. Humphrey poñía sobre a mesa algo que ata aquel momento pasara desapercibido nos estudos paleoantropolóxicos: os magníficos debuxos dunha nena autista chamada Nadia, cun importante atraso mental e carente de linguaxe, tiñan un innegable parecido con algunhas representacións da arte figurativa do Paleolítico Superior. A principal conclusión de Humphrey é que a arte do Paleolítico Superior, que normalmente se utiliza como a proba máis evidente da existencia naqueles humanos dunha mente moderna con capacidades simbólicas e lingüísticas plenas, non pode –por si mesma– probar tal cousa, xa que Nadia foi quen de realizar uns debuxos de similar mestría co que poderíamos chamar unha mente premoderna. Esta similitude amosa tamén que é posible elaborar figuras coma as do Paleolítico sen un interese aparente na comunicación e sen ningún adestramento artístico. A natureza dos trazos de

Nadia, que indican unha grande atención ao detalle e ignoran o conxunto (por exemplo ao superpoñer unhas figuras por riba doutras) é unha das características que os seus debuxos comparten coas representacións rupestres. Na súa argumentación, Humphrey propón que non só eses debuxos –os de Nadia e os do Paleolítico– poden facerse sen linguaxe, senón que é precisamente a ausencia de linguaxe o que permite tal mestría, ao non existir a ‘contaminación’ que o simbolismo da linguaxe impón sobre a mente. Humphrey conclúe que “o suposto de que as artistas das cavernas compartían algunha das limitacións mentais de Nadia é sorprendentemente sólido”. Estes argumentos xeraron un interesante e produtivo debate respecto ás ideas tradicionais sobre a arte do Paleolítico Superior. O arqueólogo Paul Bahn chegou á conclusión máis xeral de que “para ser apreciada, a arte non precisa ser simbólica nin ten que comunicar nada sobre o mundo interior de alguén”, algo que pode aplicarse tamén á hipótese –segundo isto, errónea– de que as persoas autistas con grandes capacidades artísticas usan ese medio para se comunicar co mundo. Bahn indica ademais outra similitude entre algunhas persoas autistas e quen realizou a arte do Paleolítico: producen, mais non amosan (en referencia a que as obras mestras da arte rupestre se atoparan polo xeral nos lugares máis inaccesibles das covas); “non ten sentido amosarlle algo a alguén se non estás interesada en afectar a súa actitude”.

A prehistoria do autismo

Flotando no ambiente do artigo de Humphrey e nas discusións que xerou, emerxe unha intrigante cuestión: é posible que algúns dos maxistrais debuxos da arte paleolítica, que amosan unha atención inhabitual ao detalle, que ignoran o contexto, que se superpoñen uns aos outros, que apenas representan rostros humanos, realizados sen unha aparente intención de ser amosados..., é posible, digo, que foran realizados por persoas autistas? Non temos maneira de sabelo, mais a cuestión abre unha interesante vía de investigación que pode resultar moi produtiva á hora de reconstruír a emerxencia da mente, da linguaxe e das sociedades humanas. Refírome en concreto ao feito de que, como norma, os estudos e hipóteses sobre evolución humana asumen a existencia de grupos sociais cognitivamente máis ou menos homoxéneos. A existencia de individuos con algún trastorno, discapacidade ou estilo cognitivo particular non se inclúe dentro das ecuacións que se manexan. Porén, canto máis afondamos na condición humana, e en concreto a través de moitos estudos sobre o autismo, amósase cada vez con máis claridade que a mente humana sa non é unha entidade cognitiva homoxénea, senón que está constituída por unha rica combinación de individuos con distintos estilos cognitivos (esta argumentación non fai referencia, desde logo, ás evidentes diferenzas que existen entre individuos de iso que chamamos intelixencia, nin tampouco ás variadas formas de carácter que amosan os distintos individuos, senón ao conxunto de características do funcionamento encefálico e á súa proxección mental que xeran un modo idiosincrático de interpretar e de reaccionar ante o mundo). Ao ter isto en conta, a interpretación dalgúns episodios da evolución humana enriquecese de

xeito notable. Isto é o que fixeron Penny Spikins e Barry Wright no seu libro publicado en 2016 *The prehistory of autism*, onde propoñen que o estilo cognitivo que achega a mente autista (“un xeito de ver o mundo único e valioso, un talento especial para a tecnoloxía e a concentración, e habilidades para impoñer regras e ecuanimidade que favorecen a cooperación”) foi de vital importancia para o desenvolvemento cognitivo, cultural e tecnolóxico dos seres humanos modernos. Propoñen, a partir de evidencias como a indicada por Nicholas Humphrey, que as poboacións do Paleolítico Superior integraron distintos modos de ver o mundo e que “mediante o autismo como parte da sociedade aprenderon a mirar ‘a través dos ollos da autista’”.

Nos estudos sobre a evolución da linguaxe –e, polo tanto, da mente moderna– manéxanse hipóteses moi variadas mais, dun xeito ou doutro, todas fan referencia a algúns aspectos básicos relacionados coas habilidades técnicas e o especial –e ás veces sorprendente– esmero posto na elaboración de determinados instrumentos como as bifaces achelenses (que foron producidas por distintas especies do xénero *Homo* ao longo de nada menos que 1,5 millóns de anos) ou as lanzas de madeira con puntas de pedra (ao que se engade un terceiro elemento para adherir con firmeza os outros dous). A creación destas pezas non é banal, xa que resultaron de vital importancia para o acceso a unha dieta carnívora que achegou as proteínas necesarias para manter os cerebros cada vez máis grandes dos humanos do Paleolítico, cuxo número crecente de neuronas potenciou á súa vez as capacidades cognitivas, a diversidade creativa e, finalmente, a emerxencia do simbolismo e a linguaxe. Algunhas das habilidades que afloran nas persoas autistas encaixan co perfil innovador e tecnicamente hábil que se precisou para moitos deses avances culturais dos nosos antecesores, polo que a proposta de Spikins e Wright resulta especialmente atractiva.

Deixo a conclusión deste breve comentario aos propios Spikins e Wright: “Propoñemos que o autismo, e a diversidade cognitiva da cal fan parte, foi de particular importancia para o éxito evolutivo humano desde hai cando menos 100 000 anos. As ensinanzas do pasado [o Paleolítico] lévannos a propoñer un novo modelo do autismo como un equilibrio de habilidades e de déficits que contribuíron cun papel importante na historia da orixe da humanidade. Propoñemos unha nova visión na que recoñecemos que non só os individuos con autismo precisan ás comunidades, senón que as comunidades precisan individuos con autismo”.

Nota do autor: en novembro de 2020 Simon Baron-Cohen publicou o libro ‘*The pattern seekers. How autism drives human invention*’ que, a pesar de que non tiven aínda a oportunidade de ler, semella que apunta na mesma dirección que o presente comentario.

Bibliografía

- ALONSO, J.R. E ALONSO, I. (2020). El autismo: Reflexiones y pautas para comprenderlo y abordarlo. Shachkleton Books.
- BARTRA, R. (2014). Antropología Del Cerebro. Conciencia, Cultura Y Libre Albedrío. Pre-Textos.
- FRITH, U., & HAPPÉ, F. (1994). Language and communication in autistic disorders. *Philosophical transactions of the Royal Society of London. Series B, Biological sciences*, 346(1315), 97–104. <https://doi.org/10.1098/rstb.1994.0133>
- FRITH, U., & HAPPÉ, F. (1994). Autism: beyond "theory of mind". *Cognition*, 50(1-3), 115–132. [https://doi.org/10.1016/0010-0277\(94\)90024-8](https://doi.org/10.1016/0010-0277(94)90024-8)
- FRITH, UTA. (2014). Autism - Are we any closer to explaining the enigma? *The Psychologist*. 27. 744-745.
- HAPPÉ, F. G. (1993). Communicative competence and theory of mind in autism: a test of relevance theory. *Cognition*, 48(2), 101–119. [https://doi.org/10.1016/0010-0277\(93\)90026-r](https://doi.org/10.1016/0010-0277(93)90026-r)
- HAPPÉ, F., & FRITH, U. (2006). The weak coherence account: detail-focused cognitive style in autism spectrum disorders. *Journal of autism and developmental disorders*, 36(1), 5–25. <https://doi.org/10.1007/s10803-005-0039-0>
- HUMPHREY, N. (1998). Cave Art, Autism, and the Evolution of the Human Mind. *Cambridge Archaeological Journal*, 8(2), 165-191. doi:10.1017/S0959774300001827
- IVASKÓ, L. (2013). Ostensive inferential communication, epistemic vigilance and the human frontal lobe. 19ème Congrès International des Linguistes, Genève.
- JOHANSSON, S. (2021). En busca del origen del lenguaje: Dónde, cuándo y por qué el ser humano empezó a hablar. Ariel.
- MARIÑO, X. (2020). Unha mente que voa: Unha mirada á evolución da linguaxe. Xerais.
- VERMEULEN, P. (2015). Context Blindness in Autism Spectrum Disorder: Not Using the Forest to See the Trees as Trees. *Focus on Autism and Other Developmental Disabilities*, 30(3), 182–192. <https://doi.org/10.1177/1088357614528799>
- WILSON, D. & SPERBER, D. (2002). Relevance theory. In L. Horn & G. Ward (eds.), *The Handbook of Pragmatics*. Blackwell. pp. 607-632.
- ZUDDAS, A. ET AL. (2019). Tastornos del espectro autista: investigaciones y perspectivas. Colección Neurociencia y psicología. Emse Edapp.

CÓMIC E AUTISMO: O QUE NOS ENSINARON MARÍA E MIGUEL GALLARDO

Isabelle Touton¹

Profesora titular na Universidade Bordeaux-Montaigne (Francia)

RESUMO

María Gallardo, filla do ilustrador e autor de cómic Miguel Gallardo, transformouse nunha heroína transmedia desde que o seu pai empezou a contar a súa relación coa súa filla autista na novela gráfica María y yo, mestura de texto ilustrado e historieta. A súa historia ramificouse, reformulouse e migrou á curtametraxe de animación, ao cómic dixital e a unha longametraxe documental no que María e Miguel actuaron, representando os seus propios roles. A historia de María contribuíu a popularizar certos coñecementos sobre as vivencias, emocións e experiencias sensoriais e cognitivas das persoas con TEA. Cada medio modifica a mensaxe, privilexia un punto de vista e transmítelle ao lector ou á espectadora unha experiencia distinta, que depende tamén do momento no que emerge, da idade de María, e das circunstancias de creación do pai.

Do cómic underground ao “cómic sensible e social”

Miguel Gallardo deuse a coñecer como ilustrador de cómic *underground* –marginalidade, sexo, droga e liña “chungu”, é dicir fea, satírica e brutana– a finais dos 70 e principios dos anos 80. Recórdase en particular polo seu personaxe de Makoki, un perigoso esquizofrénico escapado do hospital cos eléctrodos postos, nun contexto de promoción da antipsiquiatría. A súa obra empezou a tomar outro rumbo en 1997 coa novela gráfica *Un largo silencio*, que combinaba os cadernos de memoria do seu pai, Miguel Gallardo Sarmiento, sen retocar, e unhas ilustracións e historietas, baseadas

1 A autora é hispanista, profesora titular na Universidade Bordeaux-Montaigne (Francia). A súa investigación versa sobre cómic, humor gráfico, narrativa española actual, feminismos e 15 M. Os seus últimos libros publicados son *Intrusas. 20 entrevistas a mujeres escritoras* (Institución Fernando o Católico, 2018), e os libros colectivos *España después del 15 M* (Catarata, 2019), editado con Jorge Cagiao, e *Scoop en stock. Journalisme dessiné, BD-reportage, dessin de presse* (Gerog Editeur, 2021), editado con Benoît Mitaine e Judite Rodrigues.

nun debuxo máis sinxelo e máis estático que nas súas anteriores obras. O debuxante introducíase na historia familiar, desexaba devolverlle a voz a un pai zurrado pola historia e transformado en “sombra” pola ditadura e os traumas. Buscaba socializar por medio da novela gráfica as vivencias dun home común como metonimia dos sufrimentos e da invisibilización aos que foi sometida unha ampla franxa da súa xeración despois da guerra. En 2007, Gallardo irrompeu no que a crítica chamaría “cómic social e sensible” como ilustrador e guionista de *María e eu*, tenra e divertida historia dos veráns que Miguel e a súa filla María, afectada por un trastorno do espectro autista, pasan xuntos. A obra inclúe unha dimensión épica, que reflicte os obstáculos e dificultades coas que se enfrontan as persoas con TEA e as súas familias a diario, e máis aínda cando as rutinas rompen: esperar na consulta dun médico ou tomar o avión entre Canarias, onde María vive o resto do ano coa súa nai May, e Barcelona, onde vive Miguel, convértese nunha fazaña. Inclúe tamén unha dimensión didáctica, debido a que utiliza os pictogramas con dous obxectivos: para mostrar como a comunicación visual mellora a vida dos nenos autistas, pero tamén para explicarlles á lectora e ao lector as características que poden presentar as persoas con TEA (“aparente insensibilidade á dor”; “poden rexeitar as caricias”, fig. 1).



Fig. 1. Gallardo, *María e eu*, s. p.

O libro gañou o Premi Nacional Catalunya de Còmic e traducíuse a oito idiomas. O mesmo ano e na mesma editorial (Astiberri), Paco Roca publicaba outro “cómic social e sensible”, *Arrugas* (Premio Nacional do Còmic), historia centrada nunha residencia de persoas maiores que padecen Alzheimer, e que inspirou en 2011 a película de animación *Arrugas* de Ignacio Ferreras. O éxito, non só crítico senón popular de ambas as novelas gráficas foi inmediato, e festivais, librerías e asociacións empezaron a convidar xuntos os dous debuxantes, ata tal punto que escribiron a catro mans o

cómic *Emotional Word Tour. Diarios itinerantes* (Astiberri, 2009), unha sorte de metanarración, que segue tres fíos principais. Primeiro, os autores retoman o argumento dos seus cómics respectivos e explican a súa xénese: Paco Roca conta, por exemplo, que a idea de elixir a anciáns como protagonistas dun cómic lle veu despois de que se lle esixise borrar as persoas maiores dun anuncio publicitario que realizara por ser “antiestéticos”. Segundo, contan con humor e distancia irónica salvadora a súa increíble “xira” por España como debuxantes duns superheroes singulares, que loitan contra os tópicos e presentan síntomas que se poden representar a través da espacialización do tempo que permite a narración secuencial. As casas nas que as persoas con Alzhéimer almacenaban os seus recordos vanse borrando ou baleirando de maneira inelutábel, cando as informacións que deben reter as persoas con TEA e os seus recordos se teñen que organizar en casas, visual e espacialmente, para poder ser utilizados (fig. 2).



Fig. 2. Gallardo, *EWT*, p. 14

Sen tomarse moito en serio, Paco Roca e Miguel Gallardo danse conta do papel de transformación social que cumpren sutilmente as súas obras: “Cada vez que a prensa saca os nosos libros, fala ademais do Alzhéimer e do autismo, sen querelo á mantenta, Paco e mais eu levamos aos lectores a dous sitios dos que a xente non quería nin oír falar hai pouco” (p. 56). Terceiro, mostran como a súa vida e a súa obra nótrense dos encontros con lectores e lectoras, en particular de familiares de persoas afectadas por TEA ou por Alzhéimer. Desta maneira, Miguel convértese nunha ligazón entre varias redes de solidariedade e afectos: “Viñeron algunhas nais de Apnabi, a ass. de autismo de Bilbao. A todos os sitios aos que vou procuro contactar con asociacións e pais, é un premio atoparche entre os teus” (p. 66).

María Gallardo como personaxe transmedia

Desde entón, María, a filla de Miguel e protagonista de varias das súas obras, converteuse nun personaxe “transmedia” (que migra dun medio de comunicación a outro), o relato de a súa vida cotiá de persoa afectada por un trastorno do espectro autista, da relación co seu pai (e en menor medida, coa súa nai), as súas mestras e amigos, viu a luz e desenvolveuse ante todo na novela gráfica: despois de *María y yo* e *Emotional Word Tour* (en diante EWT), María e Miguel asinaron *María cumple 20 años* (Astiberri, 2015). Na súa última novela gráfica *Algo extraño me pasó camino de casa* (Astiberri, 2020), Miguel Gallardo conta, con moita sinceridade e humildade (“Eh!, que, se me vou, voume, non pasa nada... Miguelito divirtiuse, tiven festas a moreas, tiven amores, tiven a María”) como lle detectaron (e logo extirparon) un tumor maligno no cerebro xusto ao principio da pandemia de covid-19, un inquilino importuno que el alcumou “boniato” e ao que deron forma antropomórfica e palabra. María non aparece directamente como personaxe, con todo, o vínculo de Miguel coa súa filla está presente en filigrana e de maneira indisociable queda inscrito na súa relación co debuxo: “un dos momentos cruciais despois da operación foi pescudar se non me sacaban só o tumor, e a miña cabeza podía seguir pensando e debuxando/María foi o primeiro debuxo que fixen” (fig. 3).



Fig 3. Gallardo, *Algo extraño...*, s. p.

Este episodio lembra o desencontro que tivo Miguel co debuxo a raíz do diagnóstico ás que levaron as probas médicas de María. Ata os dous anos da nena, Miguel utilizaba o debuxo para retratar a súa filla, no canto de sacarlle foto, un debuxo amoroso, mediante o que tentaba penetrar o misterio da primeira infancia, como conta en EWT. Con todo, segundo desvela a película, a súa ferramenta de coñecemento do mundo non lle serviu para entender o que lle pasaba á nena. O pai negábase a escoitar a May, a nai, que si se deu conta moi rapidamente de que “á nena pásalle/pasáballe algo”. Ao contrario da nai, Miguel non soubo ler os indicios (sono prolongado, estereotipias, ausencia de comunicación cos pais...) que si debuxara, porque non cadraban coa ficción

que contaba e debuxaba nos seus cadernos do nacemento da princesiña perfecta. Cando o autismo de María se confirmou Miguel deixou de debuxar no caderno “María”, quedou impotente, ata que volveu debuxar a María e sobre todo para María, pero con outra perspectiva, sobre a que imos volver en diante.

María é tamén o personaxe principal dun curto de animación con obxectivo didáctico (*A viaxe de María*, realizado pola Fundación Orange en 2010), de varias historietas soltas, publicadas dúas delas no libro colectivo *Os luns Autismo* (Fundación Orange, 2017) e do cómic dixital *El viaje de María* (actualmente indispoñible) ou *Cómic making off de ‘María y yo’*, nos que Miguel e María contan a súa actuación na película de Félix Fernández de Castro con moita autoironía. No medio destes formatos máis curtos, a historia de María chegou á pantalla grande co apaixonante documental *María y yo* de Félix Fernández de Castro (2010). A historia que se despregou ata entón nos debuxos realizados por Miguel vese encarnada agora, o que lle confire outra dimensión: Miguel e María convértense en actores da súa propia vida pero entendemos que certos dispositivos ou postas en escena guionizados de antemán permitiron que reproducisen certas situacións contadas nas novelas gráficas. Outra diferenza de peso é que ás tramas das historietas que adaptou, o director engade, entre outros elementos como escenas filmadas na casa de María, a nai de María, en Canarias ou en “o cole” de María, entrevistas con mirada á cámara non só de Miguel senón tamén de María, que é a que cuida de María dez meses ao ano e se ve máis cansa polos cuidados diarios que o pai que pode dedicarse exclusivamente á súa filla durante as vacacións.

Esta narración transmedia que se desprega en soportes e linguaxes distintos e ao longo de máis de dez anos cumpre, na miña opinión, catro funcións principais. Unha función autoficcional que consiste en contar a vida de María e, particularmente, a relación co seu pai, desde ambas as perspectivas: o amor, as afeccións e percepcións propias de María, a dificultade para xestionar o seu “mal xenio” cando está tensa, os medos do pai. Unha función didáctica xa que se busca dar a coñecer as lóxicas, experimentacións e a peculiar apreensión do mundo que poden desenvolver as persoas con TEA para evitar esas miradas curiosas ou reprobatorias que feren tanto a Miguel. Unha función de apoio e creación de rede de solidariedade: a xenerosidade de Miguel ao expoñer a súa vulnerabilidade e as súas dúbidas como pai dunha nena autista atopa un eco nos lectores, persoas afectadas, familiares ou profesionais concernidos polo autismo, e o seu traballo de ligazón entre asociacións fai que a rede de agarimo se despregue tamén como rede de transmisión e solidariedade, en particular nas loitas que os pais teñen que levar a cabo contra certas institucións. En última instancia, este relato transmedia expón problemas de representación e función da arte entre modo de expresión íntimo e catártico, de visibilización de certos actores da sociedade xeralmente ausentes dos discursos mediáticos e artísticos, e de obxectivo de transformación social. Así mesmo, cuestiona o mito da creación individual (María aparece mencionada como coautora da obra de Miguel) e o borrado dos cuidados que a fan posible: cumpre unha función metanarrativa (fig. 4).



Fig. 4. *Making off...* p. 4

Debuxo, cómic e autismo

O debuxo permitiulle a Miguel Gallardo acceder ao mundo da súa filla, entendela mellor e intercambiar con ela máis aló do que permite a linguaxe. Miguel comunícase con María a través de listas de nomes que ela, dotada de certa hipermnesia para as persoas, lembra e el ilustra, tendo ás veces que recorrer á imaxinación cando non coñece as persoas (ata o punto de que chegou a darlle figura humana a un can!). Descubriu o seu valor pedagóxico tanto no seu uso diario con xente con TEA como para darlle a entender o mundo do autismo a un público máis amplo. Deuse conta tamén de que coa práctica compartida do debuxo estaba a darlle ferramentas a María para alcanzar unha maior autonomía –en *María cumple 20 años*, a moza empeza a realizar retratos das persoas que figuran nas súas listas aínda estando a soas–, ferramenta que quere poñer ao alcance dun maior número de persoas ao realizar talleres de debuxo en centros para persoas con discapacidade intelectual (fig. 5).



Fig 5. Gallardo, *María cumple...*, s. p.

Ademais, o autismo permitiulle a Miguel alimentar a súa propia práctica do debuxo e facerlle reflexionar sobre a ilustración, ver a realidade desde “outras paisaxes da mente”. Como di no seu blogue: “Como ilustrador, achegarme a María permitíume, entre outras cousas, priorizar o esencial por encima do anecdótico, descubrir elementos dunha situación que nos pasarían desapercibidos nun achegamento máis tradicional, ir á pureza da liña sinxela ou buscar o movemento do que vemos ou imaxinamos, máis que a súa esteticidade”. No documental, Miguel explica que o uso pragmático do debuxo na súa relación con María, a súa utilidade inmediata en momentos tensos, transformaron a súa práctica do debuxo: desde a meticulosidade e o coidado da forma, o seu trazo simplificouse, realizando caras tendentes ao icónico, que combina cun uso simbólico das cores.

Na miña opinión, o éxito de *María y yo* debeuse a que un home que sabe contar historias e debuxar con mestría puxo a súa arte ao servizo dunha historia de vida desde unha perspectiva íntima, emocional e lúdica. Tamén se debeu a que foi precursor en situar no centro dun relato gráfico a unha persoa con TEA. Desde entón publicáronse moitos cómics ou álbums ilustrados, algúns deles escritos por pais ou nais artistas, a maioría cunha marcada dimensión didáctica: o libro colectivo *CuentAutismo* de Rubén Serrano e Ana González (Travesía Literaria, 2010), *La mirada de Ángel. La madre de un niño con autismo* de María Luisa Fernández Vázquez con ilustracións de Xan Eguía (Iniciativas Solidarias Isekin, 2014), *Lucas tiene superpoderes* de Ana Luengo Palomino e Marisol Díaz Fernandé (Edicións de Fábula, 2015), *Los hermanos extraordinarios* da Familia Larre Cohen & Alfredo SBG (Autism 4 good, 2019), *Bet y el Tea* de Anna Gusó e Joana Bruna (Edicions Bellaterra, 2019), *TEA* de Alejandra González (Pintacoda Edicións, 2019). A última obra publicada por Astiberri en 2020 presenta a peculiaridade de proporcionar tamén o testemuño dun debuxante mexicano con certa traxectoria, Bef, a protagonismo do autismo da súa filla... María!: *Habla María. Una novela gráfica sobre el autismo* de Bernardo Fernández (Bef) (Astiberri, 2020).

Que achega a linguaxe do cómic na transmisión dunha experiencia vital vinculada co TEA?

O cómic permite o desenvolvemento dunha historia, e por conseguinte, dunhas psicoloxías, un contexto que nos convidan a entrar na intimidade dos personaxes. O debuxo icónico das caras permite que nos identifiquemos cos personaxes no canto de ver o “outro”, como explicou Scott Mc Cloud en *Entender el Cómic: El arte invisible*. Ademais o trazo do pai retrata a súa filla desde o agarimo, vémolos a través dos seus ollos, ao mesmo tempo que el se esforza por representar/imaxinar como ela percibe o mundo (María embelesada polos seus apelidos), o cal resulta fácil grazas ao vínculo case ontolóxico que une o cómic coa representación do sobrenatural, como consecuencia tanto da plasticidade do debuxo e a súa capacidade para non ter referente directo na realidade como da secuencialidade é dicir a sucesión de imaxes fixas delimitadas que poden representar niveis de realidade distintos, cuxa relación causal teñen que imaxinar os

lectores. O cómic é un medio que nos implica tanto intelectual como emocionalmente, no que debemos encher con imaxes mentais o espazo intericónico, completar os corpos truncados, establecer o vínculo entre texto e imaxes, e efectuar operacións sinestésicas para traducir a representación visual dos cheiros ou do son en percepcións sensitivas: en *María y yo*, os berros de María tradúcense pola rotulación manual deformada, as letras grandes, a cor vermella, e as caras de enfado de María. Pero eses berros non agriden ao lector no seu espazo íntimo, non o penetran auditivamente. Ademais, o cómic respecta o seu ritmo interior, porque o lector pódese deter nunha imaxe interesante ou conmovedora, volver atrás, ler unha e outra vez, non deter a mirada nas viñetas que lle molesten etc. Finalmente, o debuxo ten un valor non só didáctico senón creativo para transmitir coñecementos científicos, moi explorado no século XVII, ao que volve o cómic cos seus diagramas, esquemas e metáforas visuais: os nomes das persoas que coñece María forman un mapa que lle permiten orientarse (*Emotional World Tour*, p. 14), na mirada dos demais María vese reflectida como un extraterrestre, Miguel e María xogan na auga coma se Miguel fose unha tartaruga con María no seu lombo (*EWT*, p. 14). Hai máis; ao debuxar á súa nena ao longo de varios anos, Miguel aborda un tema case ausente do cómic e de moitas obras de divulgación sobre autismo: o feito de que os nenos con TEA van ser adultos con TEA, seguirán necesitados dun acompañamento adaptado á súa diversidade funcional pero que respecte a súa maduración afectiva e cognitiva. En María cumpre 20 anos, Miguel segue planeando as actividades diarias e débúxaas para diminuír a angustia que experimenta María, desnortada polo cambio de contorna e rutinas que lle impoñen as súas vacacións en Barcelona, por outra banda, María segue reaccionando de maneira ás veces molesta para os que a rodean: belisca as persoas ás que quere, coa diferenza de que con vinte anos consegue verbalizar as causas –“para que me fagan caso”–; pega berros cando está tensa ou aborrecida; afúndese con frecuencia nos seus “bucles” ou obsesións. Tampouco cambiaron o encordio que sente Miguel ante a mirada de certas persoas, o seu medo ao porvir de María cando xa non estean os seus pais, a importancia da rede de agarimo. Con todo, María creceu: desenvolveu unha paixón pola música que foi o motor de que aprendese a utilizar de maneira autónoma a súa tableta, e tanto os pictogramas como o seu amor pola música foron ferramentas útiles para axudala a controlar en parte estas condutas que limitan a súa interacción coa contorna (beliscos, berros).

Que transmiten as películas?

No curto de animación, Miguel Gallardo explora a dimensión onírica e didáctica que permiten o debuxo e os esquemas, o ritmo acelerado fai a transmisión máis inmediatea e divertida, a música orienta as emocións dos espectadores, a duración non permite realmente entrar na intimidade dos personaxes, pero si chegar a máis xente.

O documental presenta unha maior complexidade. *María y yo* filma a unha nena de quince anos xa grande, que se move con certa torpeza, pronuncia ás veces con dificultade o catalán, e pega berros desgarradores. A “otredad” de María impónse á

espectadora ou ao espectador cando o debuxo privilexiaba a identificación. Segundo puiden comprobar ao proxectar a película en clase, a longa duración permite que o sentimento de estrañeza se converta en agarimo, e que a este lle siga a identificación, un proceso que require tempo e que nos ensina moito sobre os nosos medos á diferenza. O documental presenta unha construción máis complexa a partir dunha mestura de materiais heteroxéneos: momentos gravados, sexa como adaptación das anécdotas contadas nas historietas e interpretadas, sexa provocadas a partir dun dispositivo, ou capturadas de maneira espontánea; entrevistas. A estas partes gravadas engádense os fragmentos de animación con estética idealista (realizados por La Pera Animación) e a súa banda sonora musical, que serven para dar a coñecer de maneira poética o mundo interior de María (cando xoga cos seus papeliños no avión e os ilumina un raio de sol que a fai feliz) e a superposición de debuxos, frechas ou diagramas en posproducción con función didáctica, lúdica, ou onírica (fig. 6).



Fig. 6. Fotograma de *María e eu*, 12'52"

Estes últimos danlles sentido ás actuacións de María, traducen os seus sentimentos ou ao contrario envolven de misterio a parte irredutible da súa interioridade. A montaxe dunha mesma imaxe coma se fose unha páxina composta de múltiples viñetas con planos detalles de ollos serve tamén para ilustrar o cansazo e desánimo que sente o pai fronte a certas miradas, como explica Miguel en voz-over:

Ir por aí con María, é máis ou menos como ir con Madonna, entras en calquera sitio e inmediatamente convértese no centro de atención. Todo o mundo a mira. Hai formas de mirar curiosas, de estrañeza, cunha certa comprensión, ata cariñosas algunhas veces. Pero outras veces vexo cousas que non me gustan nas caras da xente que mira a María. Esas caras ás veces amólanme. E ás veces pónneme triste. (48'56"-49'29").

Por outra banda, o documental presenta unha mirada socialmente crítica á suposta “normalidade”, nun mundo no que a eficacia, a xestión óptima do tempo e a competitividade impóñense como necesarios e a autonomía absoluta resulta presentada como un ideal. Como afirma Miguel: “Non quero que María sexa normal, quero que sexa unha princesa”. Miguel quere volver facer da vida da súa filla un conto de fadas, por iso lévaa a este hotel *all inclusive* de Canarias, espazo do pracer e a gratuidade, onde tenta acceder a todos os desexos de María, onde a maneira lambona de gozar da adolescente aseméllase á deses *turistas* en busca de exotismo satirizados pola cámara. En *María cumple 20 anos*, con todo, as vacacións de María parécense máis á súa outra vida cotiá e os esforzos de Miguel por levar a súa filla camiño de certa autonomía parecen achegarse tamén aos rituais impostos por May, a nai (á que Miguel dedica *María cumple 20 años*) como se vía na película, co esgotamento que comporta tamén a imposición dun marco tranquilizador para María.

Conclusión

Nunha materia de “Arte e imaxe” para alumnos de segundo ano de grao (19-20 anos) que imparto no departamento de Estudos Hispánicos e Hispanoamericanos da Universidade francesa de Bordeus desde hai algúns anos dou unha clase de cómic español. Trátase dunha introdución á linguaxe do cómic baseada nunha perspectiva comparatista. As obras tratadas adoitan ser novelas gráficas da memoria (*Paracuellos* de Carlos Giménez, *El arte de volar* de Antonio Altarriba e Kim, etc.). Con todo, cada ano elixo propoñer un fragmento do cómic *María y yo* ou de *Emotional Word Tour*; un da película *María y yo* e outro do curto de animación *El viaje de María*, para que os estudantes poidan observar como a súa percepción da historia da nena varía en función do medio e canle de comunicación elixidos. Danse conta de como o cómic suaviza a mensaxe, fai máis próximo o personaxe, de como a música en cambio guía (imponnos) un ambiente e unhas emocións, das capacidades explicativas dos diagramas e das metáforas gráficas. Pero detrás destas observacións técnicas, o que busco é 1. Mostrar que as persoas con diversidade funcional poden converterse en protagonistas principais dunha historia divertida, emocionante e cativadora 2. Permitir que as persoas que non teñan coñecemento sobre TEA aprendan algunhas bases para que, cando se crucen na súa vida cunha persoa autista, entendan mellor o seu modo de funcionar e se relacionen con ela de maneira desprexuízada 3. Facer que as persoas concernidas sintan que poden falar con toda lexitimidade en clase deste aspecto “privado” da súa vida: algunhas estudantes achéganse frecuentemente despois da clase para falarme dunha persoa próxima autista ou me din que elas mesma sofren TEA 4. Eperando que a través dos termos que imos utilizar para falar da historia de María se vaia ampliando a reflexión (“non, non se trata dunha enfermidade” etc.).

María acompaña a certas lectoras desde os seus trece anos, agora ten vinte e seis e na última novela gráfica de Miguel Gallardo decatámonos de que ao seu papá o invadiu un tumor cerebral. Non podemos deixar de preocuparnos por como este duro

transo lle afectará a María, alegrámonos tamén da capacidade de Miguel Gallardo para crear a partir das súas angustias e rirse de todo, e sobre todo de si mesmo, quizá con excepción dun tema sobre o que volvía reiteradamente nas súas obras anteriores, pero elude na última: Que vai ser de María cando May e eu xa non esteamos? Ao redor de Miguel e o seu tratamento, activouse unha rede de agarimo, perceptible ata nas redes sociais, de debuxantes, amigos, pais e nais que queren devolverlle, como desexo facelo desde a distancia e o respecto, unha parte da forza e o amor que está a regalarlles aos demais. Oxalá Miguel Gallardo nos siga contando a vida de María conforme pai e filla vaia gañando anos e sabedoría!

Bibliografía

- FAMILIA LARRE COHEN & SBG, A. (2019) [libro electrónico], *Los hermanos extraordinarios*, Autism 4 Good, <https://autism4good.org/comic-strip/>.
- FERRERAS, I. (2001) [película de animación], *Arrugas*, Perro Verde Films.
- FERNÁNDEZ, B. (BEF) (2020), *Habla María. Una novela gráfica sobre el autismo*, Bilbao, Astiberri.
- FERNÁNDEZ DE CASTRO (2010), F. *María y yo* [película], guion de Félix Fernández de Castro y Ibon Olaskoaga. Con María Gallardo, Miguel Gallardo, May Suárez. Loris Omedes.
- FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, M. L. & ERGUÍA, X. (2014), *La mirada de Ángel. La madre de un niño con autismo*, Eibar (Guipúzcoa), Iniciativas Solidarias Isekin.
- GALLARDO SARMIENTO, F. & GALLARDO, M. (1997), *Un largo silencio*, Alicante, Edicions de Ponent [Bilbao, Astiberri, 2012].
- GALLARDO, M. (2010) [curtametraxe de animación], *El viaje de María*, Fundación Orange, <http://www.fundacionorange.es/junto-al-autismo/cortometrajes/el-viaje-de-maria/>.
- GALLARDO, M. () [cómic digital], *Cómic Making off de María y yo*, <https://www.fotogramas.es/noticias-cine/g405783/comic-making-of-de-maria-y-yo/>.
- GALLARDO, M. [BLOG] (2021), “Charlas sobre autismo y dibujo”, 12/02, <http://miguel-gallardo.com/es/pedagogico/conferencias/> [consultado el 30/05/2021].
- GALLARDO, M. & GALLARDO, M (2007), *María y yo*, Bilbao, Astisberri.
- GALLARDO, M. & GALLARDO, M (2011) [Libro electrónico], *Los viajes de María*, producción Yayaki.
- GALLARDO, M. & ROCA, P. (2009), *Emotional World Tour. Diarios itinerantes*, Bilbao, Astiberri.
- GONZÁLEZ, A (2019), *TEA*, Zaragoza, Pintacoda.
- GUSO, A, & BRUNO, J., (2019), *Bet y el Tea*, Barcelona, Edicions Bellaterra.

- LUENGO PALOMINO, A. & DÍAZ FERNANDÉ, M. (2015), *Lucas tiene superpoderes*, Madrid, Ediciones de Fábula.
- MC CLOUD, Scott (2019), *Entender el cómic: El arte invisible*, Bilbao, Astiberri [Understanding Cómics. The Invisible Art 1992].
- ROCA, P. (2007), *Arrugas*, Bilbao, Astiberri.
- RODRÍGUEZ DIÉGUEZ, Y. (2020), “Uso de estrategias visuales para la mejora de la comunicación y la calidad de vida en las personas con TEA”, *Maremagnum*, 24, pp. 225- 237.
- SERRANO, R. & GONZÁLEZ, A. (2010), *CuentAutismo, Antología de cuentos infantiles sobre trastornos del espectro autista*, Madrid, Travesía Literaria.
- TOUTON, I. (2014), “Apuntes sobre el realismo en las narraciones visuales actuales. El ejemplo de la adaptación cinematográfica del cómic *María y yo* de Miguel Gallardo por Félix de Castro”, en Amélie Florenchie (dir.), *Últimas noticias del realismo en España, Pasavento. Revista de estudios hispánicos*, 2, invierno, pp. 77-99.
- TOUTON, I. (2015), “*María y yo* (Miguel Gallardo, 2008 y Félix Fernández de Castro, 2010). Regard(s) sur le handicap et la relation père-fille”, en Benoît Mitaine, Isabelle Schmidt y David Roche (dir.), *Bande dessinée et adaptation (Littérature, cinéma, TV)*, Clermont Ferrand, Presses Universitaires de Clermont Ferrand, pp. 283-298.
- VV. AA., *Los lunes Autismo*, Pozuelo de Alarcón, Fundación Orange, 2017, http://www.fundacionorange.es/wp-content/uploads/2017/03/Los_Lunes_Autismo_web.pdf.

AUTISMO E AS TECNOLOXÍAS DIXITAIS: O MOMENTO DA SOCIALIZACIÓN

Manuel Gago¹

Doutor e profesor en CC. da Comunicación na USC

RESUMO

As posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais como apoio ao tratamento de trastornos TEA foron enumeradas e enunciadas na bibliografía académica e en numerosas experiencias. O presente artigo pretende revisar como a cultura dixital, as transformacións tecnolóxicas e as novas dinámicas do mercado da informática de consumo nos últimos anos poden abrir novas potencialidades para estes tratamentos.

Introdución

O conxunto de procesos coñecidos como dixitalización, de a cabalo entre as transformacións tecnolóxicas, as económicas, as sociais e as culturais, están a provocar profundos cambios no conxunto das sociedades mundiais. Se ben no futuro é moi posible que todos estes fenómenos se comprendan como unha secuencia en progresión desde a creación das primeiras tecnoloxías de comunicación de masas a principios do século XX, non hai ningunha dúbida que, desde a nosa perspectiva máis contemporánea, identificámoslos co nacemento da rede Internet e algunhas das características que a fixeron máis accesible para un público máis amplo, como a invención da World Wide Web e do hipertexto en 1989 no CERN de Xenebra por parte de Tim Berners-Lee.

1 Doutor en CC. da Información pola USC e profesor asociado na Facultade de CC. da Comunicación. Director de culturagalega.gal, o portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega da USC, e formou os novos xornalistas na especialidade de ciberxornalismo. Editor de Capítulo Cero (www.manuelgago.org/blog), un dos blogs referentes da rede galega, no ámbito da divulgación histórica, científica, en estilos de vida, gastronomía e cultura, e por el recibiu premios e mencións de diferentes colectivos profesionais galegos. Colaborador habitual da Radio Galega, onde o seu último espazo foron as Efemérides, no Galicia por Diante. Mantén as columnas Vermello contra o mar en La Voz de Galicia, e Seisentidos, na “Táboa Redonda”, o suplemento cultural de El Progreso e Diario de Pontevedra.

De feito, é a accesibilidade e a socialización da tecnoloxía a clave para comprender as profundas transformacións sociais provocadas polo medio Internet nestes anos. O presente artigo pretende ser unha reflexión ao redor da interacción entre tecnoloxía, contornos dixitais e as súas implicacións sociais, coa ollada posta en trastornos coma o autismo e as propostas e debates existentes ao redor de como as tecnoloxías dixitais poden axudar no seu tratamento e mellorar a vida das persoas afectadas. Preciso advertir do meu amplo descoñecemento ao redor deste trastorno, tanto a nivel clínico como experiencial e, desde xa, situar o meu punto de partida: unha exploración –non unha conclusión– da relación entre tecnoloxía, narrativa dixital e interacción social e da discusión en relación ao autismo.

Entretenemento, comunicación persoal e videoxogos, claves na extensión da dixitalización

Historicamente, os grandes saltos cuantitativos no avance social da dixitalización viñeron a partir das tecnoloxías, tanto en hardware como en software, que posibilitaron a súa maior socialización. As posibilidades multimedia do web fronte aos formatos textuais anteriores, a socialización dos sistemas de xestión de contido (CMS ou Content Management Systems en inglés), que estouraron sobre todo a partir do ano 2002 co nacemento dos coñecidos como blogs que facultaron que calquera puidera publicar na rede con facilidade ou o nacemento das redes sociais a partir de 2003, adoptadas desde o primeiro momento polas xeracións de Internet. Pero non será ata a segunda xeración destas (Facebook ou Twitter) cando ese fenómeno esencialmente adolescente acade case cotas de universalización: o uso nos teléfonos móbiles e a aceleración do impacto cultural da comunicación da vida cotiá, a redefinición da idea de rede de comunicación persoal e a aceleración, aínda máis intensificada, dun proceso de profunda transformación da esfera pública e da participación dos individuos nela. O proceso cobra aínda novos sentidos coa aparición das redes dunha terceira xeración de redes sociais (Instagram, TikTok ou mesmo as apps sentimentais como Tinder ou Grindr), que supoñen a intensificación da redefinición da identidade individual e da presenza pública neste novo espazo das redes. É precisamente a xestión identidade persoal e a asunción de identidades alternativas, como logo veremos, unha das características destas redes.

En paralelo con estes fenómenos de comunicación persoal, é absolutamente fundamental a evolución da considerada como a industria cultural con maior volume de facturación na escala mundial: os videoxogos. Vinculados ao entretenemento dixital desde principios dos 80, son un elemento central da aculturación e do entretenemento infantil, adolescente, xuvenil e ultimamente tamén adulto. Xa que logo, tamén eixo do debate educativo, psicolóxico, cultural ou mesmo clínico en relación a moitos colectivos e ao redor da infancia.

Os videoxogos son un produto paradoxal: malia seren obxecto dunha enorme carreira de renovación tecnolóxica, de competitividade e diferenciación entre as em-

presas a partir da innovación en gráficos, guión, propostas ou soportes, manteñen certa coherencia, nas súas liñas básicas, con respecto a determinadas características orixinadas xa desde os principios dos 80. Entre elas, o illamento do individuo do seu contorno físico. O videoxogo adoita requirir que o xogador preste toda a súa atención ao desenvolvemento da experiencia e vai estar concibido para que se produza unha sensación de inmersión na historia como nunca se tiña producido nunha narrativa humana. Esa inmersividade baséase na alteración da percepción temporal, no establecemento dunha estrutura continúa de retos que poden ser superados e na percepción do avance a partir da mellora das habilidades do usuario en determinadas mecánicas de atención, resposta a estímulos, reflexos e mesmo, nos videoxogos máis evolucionados, a capacidades de interpretación social. Aínda que as técnicas narrativas e as mecánicas de xogo volvéronse cada vez máis complexas, cando menos nun sentido horizontal (no sentido de que máis accións poden ser executadas a partir do uso de secuencias cada vez máis complexas de comandos), un elemento fundamental da experiencia dos videoxogos segue a ser que para avanzar na historia determinados procesos sempre deben ser repetidos do mesmo xeito. A diferenza do mundo real, a variabilidade ou inestabilidade do contorno no que se move o xogador é mínima e baséase, con independencia do seu grao de complexidade (que pode ter moito) nunha suma de condicións e limitacións do contorno que poden ser identificadas e, polo tanto, superadas de realizárense os pasos precisos e cúmprense as condicións necesarias. A comunicación entre xogadores tamén está sometida a determinadas limitacións convencionais.

A outra característica propia dos videoxogos e que segue a ser moi similar desde as primeiras referencias nos anos 80 é que o xogador asume un rol, unha identidade coa que se introduce nese universo narrativo. Esa identidade pode ser moi diversa: un fontaneiro italo-estadounidense, un cabaleiro medieval, unha fada, o piloto dunha nave alienígena ou Keanu Reeves. O personaxe está dotado de atributos físicos e habilidades específicas, trazos de personalidade propios e un contorno controlado e repetitivo nas que as desenvolve. Este fenómeno da cultura dixital transferiuse moi rapidamente á cibercultura: os coñecidos avatars, un dos máis suxestivos e intrigantes fenómenos culturais asociados a Internet.

As identidades ficcionais téñense posto en relación do interese da transformación, da exploración ou da fuxida, por parte dos usuarios, con respecto a situacións de orixe no mundo físico: representarse cunha sexualidade distinta, nun espazo social diferente, interaccionar co seu propio grupo social ou outros adoptando roles ou discursos que non se queren manifestar no mundo físico, ou escollendo un corpo ou atributos físicos distintos dos propios. Nas redes sociais de terceira xeración estase a producir un fenómeno novo, híbrido dos anteriores. Individuos que xa non se agachan baixo unha identidade distinta, senón que simulan, constrúen, inventan unha vida pública para as súas redes persoais, aínda que este é un tema que se escapa a este artigo.

O emprego das tecnoloxías dixitais nas terapias de autismo

Existe unha abundante literatura ao redor da potencialidade das tecnoloxías dixitais no tratamento e xestión de patoloxías como o autismo, en particular debido a algunhas das características que enunciámos previamente. En particular, a capacidade de construír a través de software experiencias ricas en contornos variados resulta moi atractiva e versátil para deseñar experiencias de aprendizaxe que despois poden ser postas en relación co mundo físico. Toda vez que as recreacións da realidade a través dunha simulación baséanse precisamente nas limitacións e modelizacións, é dicir, en crear unha versión reducida dese mundo, cun menor número de estímulos e referencias, facilítase a adaptación do suxeito a un espazo sobre o que ten unha maior percepción de control e no que é posible regular os graos de incerteza (espacial, de aparición doutros suxeitos, da heteroxeneidade dos retos).

Esta posibilidade resulta acada de vez, segundo os especialistas, para o tratamento e a aprendizaxe das persoas con TEA. En especial, porque se conecta con outra característica do software: para que o usuario opere dentro dese mundo debe aprender determinadas rutinas que funcionan a modo de interface con ese contorno. Estas rutinas permiten tamén simplificar e focalizar determinados procesos, facilitando aos TEA a identificación e adopción das habilidades para afrontar determinados procesos que poden ser aplicados posteriormente na vida real. Falamos de determinadas habilidades que no mundo físico son máis difíciles de recoñecer ou identificar, ou que se atopan inseridas dentro de situacións de maior complexidade. Neste sentido, existen posibilidades de enorme interese para este tipo de tratamentos, como o emprego da técnica da ‘dificultade dinámica adaptativa’, que é a estratexia de adaptación dos videoxogos para adaptar a dificultade dos desafíos ás habilidades que percibe nun xogador a partir da experiencia de xogo. Cando o programa aprende do usuario, pode ir transformando a complexidade das tarefas e engadindo e limitando posibilidades de maneira dinámica a partir da información recibida do usuario.

Non parece existir dúbida de que este tipo de tarefas poden ser aplicadas tanto a aspectos da vida práctica ou da aprendizaxe de coñecementos como noutra dimensión á que xa temos aludido e que no ámbito dixital exerce unha particular importancia: o contorno social. As simulacións non teñen só que ver con tarefas operativas de interacción cos obxectos e espazos dese mundo, senón coa comunicación con outras persoas e seres. A capacidade de adopción de identidades e de crear e programar personaxes aos que se lles poden modular a súa complexidade expresiva e de comportamento permite explorar as relacións sociais nun contorno tamén controlado e que se pode adaptar ás especificades do suxeito. Este control ou modulación pode establecerse con personaxes con intelixencia artificial cos que o usuario debe interaccionar, ou pode realizarse establecendo un marco de relación virtual entre usuarios reais que poden estar situados no mesmo espazo ou en espazos remotos entre si. As posibilidades de exploración da aprendizaxe social son infinitas e poden aproveitar a numerosa experiencia acumulada polos videoxogos.

Un exemplo habitual que pode crear moitas posibilidades interesantes en persoas con trastornos TEA é o aprendido a partir dos RPGs (*Role Playing Games*). Popularizados (inicialmente sobre taboleiro) nos anos 70 a partir da lendaria serie *Dungeons & Dragons*, o seu traslado ao contorno dos videoxogos dixitais foi moi recente e na actualidade son sen dúbida un dos subsectores desta industria cunha maior extensión. Os RPG precisaban, no mundo físico, dun conxunto de xogadores reais que debían colaborar entre si nas misións encomendadas no xogo e que adoptaban personaxes e personalidades con condicionantes e atributos específicos (elfos arqueiros, ananos combatentes, feiticeiros con capacidade de producir maxia). A súa translación aos videoxogos supuxo asumir que o xogador debía poder realizar as tarefas en solitario, no seu computador, pero ao tempo debíanse preservar esas características de xogo colectivo que facían singulares os propios RPG, como o xogo en equipo ou a especialización das capacidades. Así que comezou unha interesante vía de desenvolvemento de personaxes con intelixencia artificial que acompañan ao xogador real na exploración destes mundos imaxinarios, cooperando con el de acordo con regras establecidas e interaccionando co mundo. Estas personaxes adoitan ser necesarias para o desempeño de operacións complexas no videoxogo e o seu comportamento é moi modulable: poden ser axentes pasivos que unicamente acompañan á personaxe principal ou poden ter habilidades máis dialóxicas ou propositivas, é dicir, poden ser decisivos para que a historia avance. Non hai dúbida de que este tipo de mecánicas permiten explorar vías de participación e integración dos suxeitos en colectivos ou redes sociais a través da simulación de determinadas situacións e contextos.

No ámbito da integración social, moitas destas capacidades son exploradas nos coñecidos como ‘serious games’, é dicir, aqueles xogos concibidos cun “propósito primario que vai alén do entretemento”. Un exemplo interesante de vez foi o título *Bordergames*, que simulaba a vida dos migrantes no barrio madrileño de Lavapiés, realizado a través dun motor de videoxogos de código aberto dentro do marco dun proxecto de arte colaborativa en Madrid. A experiencia comezou co propio deseño do videoxogo, no que participaron os propios rapaces migrantes a través dun motor de creación de código aberto. O videoxogo presenta “a intensificación e negociación das fronteiras, tanto físicas, como simbólicas, culturais, de xénero, de clase social, etnia, identidade cultural...”. Levábanse a *Bordergames* numerosas problemáticas que afectan á vida diaria destes nenos e preadolescentes procedentes de África, Asia ou América Latina e a súa integración neste espazo urbano. O videoxogo foi trasladado a outros barrios con grande afluencia de emigración, coma o Raval barcelonés ou as favelas brasileiras e permitía modelizar o conflito e reafrontalo de maneira segura. Unha clave importante tamén para as posibilidades de uso con persoas con trastorno do TEA que podemos aprender de *Bordergames* é a propia existencia destes motores de videoxogos, ben de código aberto ou con licenzas bastante amplas para o seu uso non comercial, como *Unity* ou *Unreal*, que hoxe son claves na escena independente do sector. Estas ferramentas teñen hoxe un uso relativamente sinxelo e contan con

numerosas documentación que as converten nun interesante espazo de aprendizaxe que pode permitir a equipos independentes nos que se integren pacientes, mesmo a grupos a través de obradoiros, o desenvolvemento dos propios xogos que poden ser empregados nas terapias.

Realidade virtual e realidade aumentada

Nos últimos anos producíronse importantes cambios nunha modalidade de simulación dixital que xa vén de vello pero que sempre estivera limitada a usos demostrativos, en laboratorio ou en espazos tecnoloxicamente adaptados: a realidade virtual. Esta tecnoloxía multiplica esa idea de inmersividade xa aludida dos videoxogos, levando esa inmersión psicolóxica, baseada no ritmo e capacidade de atracción da narrativa lúdica, a unha nova dimensión, que xa é visual en 360°, tamén con audio omnidireccional e ás veces empregando outros sentidos, como táctil ou mesmo o olfacto. As consecuencias desde o punto de vista da atención e da percepción do usuario acadan unha maior implicación de ‘realismo’ (sen que o contorno teña que ser realista), permitindo que o usuario teña que axustar os seus sentidos e acomodalos para interactuar nun mundo que o envolve.

Nos últimos anos, HTC e Oculus (adquirida por Facebook), xunto con Microsoft, levan realizando diferentes apostas por estender estas tecnoloxías cara ao gran público desenvolvendo equipos de instalación doméstica de custos máis reducidos. Aínda así, requiren un notable investimento económico. A día de hoxe os equipos de máis calidade do mercado rondan os 1000 euros (para as lentes, os mandos e os sensores precisos) aos que se lle deben sumar os custos dos PC de alta gama con capacidade para reproducir este tipo de experiencias complexas (non menos de 1000-1200 euros). Recentemente, Oculus presentou un equipo dun custo máis reducido, o Quest 2, (ao redor de 450 euros) que ademais elimina as dificultades de instalación física do sistema e permite o seu uso en espazos máis reducidos. Sería dun enorme interese comprobar as aplicacións deste tipo de novas tecnoloxías no tratamento de persoas con TEA e analizar as súas posibles achegas terapéuticas. O gran cambio cos videoxogos e contornos interactivos habituais está, sobre todo, na escala e nas capacidades de modulación das experiencias, que permiten incorporar aspectos motrices, de percepción de escala, tarefas dunha maior complexidade ou exploracións de axentes virtuais de intelixencia virtual ou de contornos de información máis amplos.

Non quero deixar de sinalar as interesantes vías de exploración a partir doutro concepto que está a evolucionar de maneira parella, a ‘realidade aumentada’ ou a ‘realidade estendida’. Consiste na superposición dunha capa de información dixital sobre a realidade, recollida a partir da cámara dalgún dispositivo coma os teléfonos móbiles ou lentes específicas que superpoñen esa información sobre os lentes. A realidade aumentada está a supoñer unha interesante vía para engadir capas de información multimedia a partir da xeolocalización do usuario, o recoñecemento de formas e outras

vías de entrada de información, como as propias peticións. Estas tecnoloxías están xa a ser usadas en determinados usos industriais ou no ámbito da formación profesional para aprender a desempeñar tarefas previas e poderían supor tamén dispositivos de monitorización e apoio para a interpretación da realidade para individuos con determinados tipos de trastorno.

Unha realidade en evolución

As tecnoloxías dixitais foron vistas como unha longa promesa asociada ao tratamento de trastornos TEA. Se cadra nos últimos anos poidamos falar de certo cambio cualitativo que vén propiciando pola diversificación da oferta tecnolóxica, tanto en hardware como en software. A expansión do uso dos teléfonos móbiles supón a posibilidade de dispor dun aparello tecnolóxico cun bo número de sensores de captación da realidade accesible para as familias e as persoas con trastornos. Estes teléfonos teñen a posibilidade de contar con software moi elaborado que pode contribuír ao benestar das persoas con TEA (desde xeolocalización, apoios, aprendizaxes, comunicación interpersonal). Pero ao tempo, o abaratamento e flexibilidade das tecnoloxías de realidade virtual e realidade estendida permite a grupos, colectivos e espazos máis próximos vinculados ás persoas TEA dispoñer de sistemas de traballo que antes só estaban accesibles en centros especializados. E, vinculado a isto, a accesibilidade do software de produción de narrativas de videoxogos (que poden ser empregados para moitas outras cousas) faculta novas posibilidades de desenvolvemento de contidos e aplicacións nas que se poden desenvolver novas relacións entre especialistas, familias e pacientes. E eses desenvolvementos son posibles tecnoloxicamente pero tamén porque hai xa varias xeracións que coñecen a filosofía e mecánica destas aplicacións porque conviviron con elas desde a infancia.

Con independencia do longo camiño de interacción entre as tecnoloxías e o trastorno, de varias décadas, son estes aspectos os que crean un espazo diferencial e novo para explorar como axudar ás persoas con autismo a través da tecnoloxía.

Bibliografía

- CHEN, W. (2012) Multitouch Tabletop Technology for People with Autism Spectrum Disorder: A Review of the Literature- *Procedia Computer Science*, Volume 14, pp. 198-207.
- GUZMÁN, G., PUTRINO, N.; MARTÍNEZ, F., QUIROZ, N. (2017). Nuevas tecnologías: Puentes de comunicación en el trastorno del espectro autista (TEA). *Ter Psicol* [online], vol.35, n.3, pp.247-258.
- KIMBALL, H. E COHEN, Y. (2019). *Children's Mental Health Report: Social Media, Gaming and Mental Health*. New York: Child Mind Institute.

- PARSONS, S.; LEONARD, A.; MITCHELL, P. (2006) Virtual environments for social skills training: comments from two adolescents with autistic spectrum disorder. *Computers & Education*, Volume 47, n. 2, pp. 186-206.
- TORTOSA, F. (2004). *Tecnologías de ayuda en personas con trastornos del espectro autista: guía para docentes*. Murcia: CPR Murcia I.
- SANROMÀ-GIMÉNEZ, M.; LÁZARO-CANTABRANA, JOSÉ LUIS; GISBERT-CERVERA, M. (2017) La tecnología móvil. Una herramienta para la mejora de la inclusión digital de las personas con TEA. *Psicología, Conocimiento y Sociedad*, [S.l.], v. 7, n. 2, p. 227 - 251.
- SPIEL, K.; FRAUENBERGER, C.; FITZPRATICK, G. (2017) Experiences of autistic children with technologies. *International Journal of Child-Computer Interaction*. Volume 11, pp. 50-61.

O PARADOXO DA REPRESENTACIÓN ARTÍSTICA DO AUTISMO: UNHA VISIÓN DESDE A MATERNIDADE E A ESCRITURA

Ana Luengo Palomino¹

Profesora titular de Literatura na Universidade Estatal de San Francisco

RESUMO

Neste ensaio reflexiono sobre a miña aprendizaxe como nai dun fillo diagnosticado con TEA desde os tres anos e sobre a representatividade artística do autismo. A partir de diferentes exemplos da literatura, o cinema e a televisión, e da miña propia experiencia, preguntome que tipo de arte necesitamos para favorecer a convivencia e a inclusión das persoas no espectro. Porque, aínda que é máis que necesaria a presenza do autismo nos medios de comunicación, optar por unha imaxe extraordinaria ou máxica do mesmo favorece á estereotipación das persoas no espectro.

A representación sobrenatural do autismo como achegamento

O outro día, un amigo que tamén ten un fillo con autismo, recomendoume *Float* ou *Voá*, a curta animada que produciu Pixar sobre o autismo en 2019. O seu creador é Bobby Rubio, quen tamén ten un fillo no espectro, e ao meu amigo gustáralle moito. Eu xa o vía cando se estreou e case o esquecera, pero volvínxo fixarme con máis atención porque lembraba que non me entusiasma e quería entender por que. Na curta cóntase a historia dun pai que tenta interactuar co seu fillo pequeno, pero este sempre

1 A autora é profesora titular de Literatura na Universidade Estatal de San Francisco desde 2015. Estudou Filoloxía Hispánica na Universidade de Barcelona, doutorouse na Universidade de Hamburgo coa tese *A encrucillada da memoria* (1.ª ed. 2004, 2.ª ed. 2012) e traballou como docente na Universidade de Bremen durante dez anos. Ademais de numerosos libros e artigos académicos, Ana Luengo publicou as súas reflexións sobre o autismo en *autismodiario.com*. Tamén é a autora do conto infantil *Lucas ten superpoderes* (Edicións DeFábula, 2015), con ilustracións de Marisol Díaz, traducido ao catalán e ao eúscaro en Edicións Bellaterra (2018), e da novela testemuñal *Seguir vivindo* con Sandra Puído (Edicións Bellaterra, 2020). Actualmente vive nunha vila da Baía de San Francisco cos seus fillos e un can.

Dirección: San Francisco State University 1600 Holloway Avenue San Francisco, CA 94132.
Teléfono: +1 (415) 338-7796 | aluengo@sfsu.edu

acaba escapando dos seus brazos e flotando como unha burbulla de xabón. Os veciños míranos con dureza e recriminación, ata que o pai perde a paciencia, ponlle ao neno unha mochila cunha pesada pedra ás costas e pídelles que actúe normal, o que fai que o pequeno se entristeza e deixe de flotar. O pai, conmovido, comeza a randearse con el para facelo voar e, así, acaban xogando xuntos, o pai saltando no chan e o neno flotando no medio do parque. Esta segunda vez que o vin, entendín mellor por que non me gustou tanto este vídeo, aínda que recoñezo que é lindo e tenro, e ten uns personaxes que nos fan empatizar e conmóvennos sen apenas palabras.

A curta devolvíame a min a unha cuestión moral na que oscilo porque, aínda que é necesario representar a colectivos vulnerables para darlles visibilidade, o feito de representalos convida, ás veces, á estereotipación e, polo tanto, pode ser unha porta para outra forma de discriminación. É un neno flotante a mellor metáfora para representar unha condición humana como é o autismo ante xente allea ao autismo? Representar o autismo como algo sobrenatural convida á inclusión das persoas con autismo na sociedade ou máis ben volve crear un mito que dificulta a súa inclusión? Antóllaseme algo paradoxal e levo anos tentando atopar un equilibrio. Escribir este ensaio quizais sexa unha forma de tentar darlle algunha forma e materialidade aos meus propios pensamentos.

Aínda que hai dezasete anos que convivo co autismo, eu non son unha experta no tema. Só son a nai de alguén con autismo e, por esa razón, coñecín moitas outras familias no espectro. Hai tempo o meu fillo, que si ten autismo, preguntoume que por que eu escribía artigos de divulgación para *autismodiario* e publicara ata un libro infantil, *Lucas ten superpoderes*, cando eu non teño autismo. Miroume e díxome: “Ti non tes autismo, son eu quen o ten”. O meu fillo debía de ter uns once ou doce anos por aquel entón.

Cando me dixo iso, o meu fillo aprendera xa unha segunda lingua de forma fluída. Con todo, ata os catro anos e medio non comezara a formar frases de máis de dúas palabras. Aínda que se criou en Alemaña, mudámonos aos Estados Unidos cando el tiña nove. Eu sempre falei español con el, así que poderíamos dicir que o inglés era a súa terceira lingua, pero acolleuna coma se fose a primeira e, nuns meses, xa a falaba moito mellor do que eu xamais poida falala. Cando lle preguntei por que, contestoume que o inglés era máis fácil. E en lingua inglesa foi na que me explicou que eu non era a persoa que debía falar sobre un tema do que non sabía en realidade case nada. Pregunteille se el o ía facer, e contestoume: “Se me apetece”, coma se non fose gran cousa. E logo engadiu: “Eu só sei sobre min”.

O autismo como unha condición humana máis

Canto máis crece o meu fillo e máis persoas con autismo coñezo, menos sei sobre autismo e moito menos extraordinario me parece. En realidade, a maioría dos meus retos actuais como nai parécenme moi ordinarios e nada máxicos. A nosa vida de familia é a que é e vivimos nela coa cotidianeidade que outras familias viven as súas propias historias, aínda que probablemente á xente de fóra haxa cousas que lle poidan

estrañar ou ata molestar. A cuestión é que todas as certezas que tiven cando el era pequeno, foron evaporándose para pasar a ser unha incerteza na que vivo, incerteza que me fai moito máis humilde, pero que, á súa vez, é unha incerteza bastante terrea e material. O espectro do autismo é algo tan complexo como calquera elemento da condición humana, e sinto que é extremadamente difícil xeneralizalo e imposible representalo na súa totalidade cun só exemplo ou categorización. Podemos tentar describilo tanto de forma indutiva como deductiva, pero ao final sempre nos faltará demasiado para achegarnos a nada que teña un sentido absoluto. E a razón é simple: cada persoa con autismo é unha persoa. Parece algo obvio, pero é bo lembralo. Podemos detectar dificultades de socialización en diferentes graos, podemos detectar dificultades no xogo simbólico en diferentes graos, podemos detectar desordes sensoriais en diferentes graos, podemos detectar estereotipias, comportamentos repetitivos, intereses restrinxidos, colapsos ou *meltdowns* e ansiedade social. Pero tentar representar iso como algo absoluto sempre vai ser un acto errado porque, en cada persoa, todo iso maniféstase de forma moi diferente e, ademais, está acompañado por miles doutros trazos que non son compartidos e de circunstancias, obviamente, moi diversas.

A miña experiencia como nai, lectora e escritora: coñecendo o autismo

Quizais por iso, a necesidade de representar o autismo artisticamente sexa tan problemática, porque nunca é unha representación absoluta de todo un espectro. O problema, ao meu parecer, é que o creamos como o puidese ser e, sobre todo, consumímolo como se o fose. Cantas veces persoas que non coñecen ao meu fillo dixéronme que xa saben como é o meu fillo porque leron ou viron algo sobre TEA: Que se seguro que é bo en matemáticas ou lle encantan os quebracabezas ou sabe cada afluente de cada río de cada continente ou a lista telefónica. Creo que en parte é porque nos empeñamos en dicir que esta película é sobre o autismo, ou este cómic é sobre o autismo, ou este conto explica o autismo. Quizais só deberíamos entender que é sobre unha persoa con autismo, ou nin sequera iso: é sobre un personaxe ficticio con autismo construído normalmente por alguén coma min, próximo ao autismo, pero non no espectro. Por tanto, é unha representación sempre nesgada de algo complexo pola súa diversidade inherente e que, como calquera condición humana, non é representable.

Cando publiquei o conto infantil *Lucas ten superpoderes*, as críticas foron moi boas, moitas familias e mestras mo agradeceron, incluso *El País* o sinalou dous anos despois como un dos sete libros para coñecer o autismo desde dentro². Con todo, unha persoa descoñecida dun foro escribiu que eu non tiña nin idea de que falaba. A súa experiencia como nai dun neno con autismo e a miña non tiñan nada que ver e, quizais por esa dureza, quedouseme gravada e fíxome sentir bastante ridícula. A miña intención fora mostrarlles ás persoas alleas ao mundo do autismo algúns dos trazos que eu observaba

2 https://elpais.com/elpais/2018/03/31/mamas_papas/1522510783_915566.html

no meu fillo e noutras criaturas, ou que eu atopara nos libros que, por aquel entón, devoraba obsesionada en entender quen e como era o meu fillo. Eu tentaba ensinar que é o autismo para poder facilitar a inclusión de persoas no espectro. Pero, para aquela nai, o pequeno Lucas do meu conto non tiña nada que ver co seu fillo, fóra como fose este. O meu Lucas balbucía, quería xogar cos seus curmáns e curmás, sorríalle á súa avoa, sabía ler a hora e, mesmo, axudaba na cociña. O meu Lucas tiña bastante do meu fillo naquel momento, tanto que moita xente lle chama ao meu fillo Lucas aínda, coma se o personaxe transcendese a persoa na que se inspirou. E non se quen sería ese fillo desa lectora, pero esas cousas non as facía, porque Lucas, como toda representación artística, era unha representación do autismo incompleta, nesgada, inacabada, imposible. Era a miña visión moi limitada do autismo ou, máis que limitada, mimética do meu propio fillo.

Non digo que sexa un erro representar a persoas con autismo, e alégrome de escribir o conto de *Lucas ten superpoderes* e todos os artigos de divulgación que publiquei no seu momento en *autismodiario.com*. Se serviron para axudar a algunhas familias en algo, xa é suficiente. Con todo, creo que é importante seguir reflexionando sobre calquera obxecto cultural sobre autismo. Sigo pensando que a representación artística é necesaria porque é a única forma en que, para moita xente da sociedade, o autismo exista e, sobre todo, porque as películas, series, novelas, contos, cómics ou documentais serven para acompañar as familias de persoas do espectro autista nesa viaxe a Holanda³ que non planearan. Con todo, creo que debemos tamén expornos e cuestionar como leva a cabo esa representación, desde onde, por que e para que. Como dicía Jacques Rancière no seu libro *A repartición do sensible: estética e poética* (2014), a arte serve para sinalar o azul no azul, para visibilizar o que pasamos por alto, pero que está diante dos nosos rostros. O que ocorre é que sempre sinalamos desde un rumbo e desde unha experiencia propia, e é bo ter conciencia diso.

Eu lembro como me sentía cando nos deron o diagnóstico, e a literatura salvoume da extrema soidade na que estaba como nai dunha persóina para a que eu non estaba en absoluto preparada. Nin a miña experiencia como filla prototípica, nin as miñas expectativas de nai primeiriza me formaran para iso. Para min, tras o diagnóstico, ler por esta orde *Daniel no habla* de Marti Leimbach (2006), as memorias de Amorne Grandin en *Pensando en imáxenes* (1988), ou as de Axel Brauns en *Buntschatten und Fledermäuse (Sombras de cores e morcegos)* (2002), *Through the Eyes of Aliens (A través dos ollos de aliens)* de Jasmine Le O'Neill (1998), *Marcelo in the Real World*, de Francisco X (2011), *María e eu*, de Miguel e María Gallardo (2007), ou *El curioso incidente del perro a medianoche*, de Mark Haddon (2003) foi vital e senador. Lía eses libros e sentía que eu era parte dunha comunidade ata entón inexistente, pero que, de súpeto, estaba aí para abrazarme e darme refuxio, e tamén forza no día a día. Aceptar que toda a túa aprendizaxe social para criar un neno non serve de case nada, que

3 <https://autismomadrid.es/noticias/viaxe-holanda/>

estás soa ante retos antes insospeitables e que o futuro non parece prometedor, senón máis ben cambaleante, faiche caer nunha soidade que nin parentes, nin amizades, nin ás veces a túa parella poden aliviar. Ao final, as únicas persoas que si te comprenden, senten, son as que, como ti, atopáronse nese espazo de incerteza, dor, amor, protección e ansiedade que é a maternidade ou a paternidade dunha persoiña neurodiverxente á que che custa tanto entender, coma se non tiveses o libro de instrucións para facelo, pero á que queres tanto. A literatura e o cinema, neses casos, pode servir como ese espazo a salvo onde aprender sen sentirche xulgada. Pero, ao final, como escribiu Jim Sinclair na súa carta aos pais “Don’t Mourn for Us”⁴ ou “Non choredes por nós”, de 1993, a persoa con autismo é, ante todo, unha persoa. Parece unha barbaridade, pero ás veces esquecémolo. Non vale de nada chorar polas expectativas perdidas do fillo ou a filla que non naceu, senón apoiar e coidar a quen si tes diante e depende de ti.

A medida que o meu fillo crecía, íame afastando desas lecturas, porque a miña experiencia como nai cada vez se distanciaba máis do que lía ou vía en representacións doutras realidades. Canseime de ler historias de nenos xenios non verbais, de milagres terapéuticos, de viaxes espirituais polo mundo, de espectaculares ou descorazonadores desenvolvementos, de cans salvadores. Tamén deixei de participar nas redes sociais de nais de nenos con autismo, porque o meu fillo non quería que eu falase del e porque, ademais, a vida seguiu sucedendo e outros retos fixéronse igualmente urxentes. Xa non buscaba respostas fóra do meu fillo, senón que o observaba a el para apoiálo no que podía. Si lín os fermosos testemuños doutras nais amigas, como Melisa Túa, en *Tener un hijo con autismo* (2017), ou Julia Moret, en *La música que llevamos dentro* (2017). E línos como o que eran, os seus testemuños, sen tentar buscar claves para explicar nada do meu fillo. Pero, igualmente, cada fase que chega coa maternidade ofrece novas preguntas e, así, deime conta de que o meu fillo non só me pasaba en estatura, senón que deixaba atrás a infancia. Entón apareceu a adolescencia, e esa era outra fase na que, como nai de alguén con autismo que creceu sen relación co autismo, volvinme quedar sen referencias.

A visibilización da diversidade do TEA

Con todo, nos últimos anos comezáronse a estrear películas e series onde aparecen personaxes con autismo construídos, ás veces, de forma moito menos estereotipada e máis verosímil e que a min, polo menos, me volven servir como interlocutoras desta maternidade en soidade desde a que educo o meu fillo. Lonxe xa do Dustin Hoffmann que actuaba como *Rain Man* (Barry Levinson, 1988) ou do neno impasible *Un testigo en silencio* (Bruce Beresford, 1994), algúns dos personaxes que aparecen agora en medios audiovisuais son complexos, cómicos, dramáticos, cribles. Desde logo isto ten que ver coa loita pola visibilización e contra os mitos de persoas afectadas, as súas familias

4 <https://philosophy.ucsc.edu/SinclairDontMournForUs.pdf>

e algúns profesionais. Mentres que na primeira década de século rodáronse algunhas películas como a comedia romántica *Mozart y la ballena* (Peter Naes, 2005), o thriller psicolóxico *Ben X* (Nic Balthazar, 2007) ou o documental espiritual *The Horse Boy* (Michel O. Scot, 2009), e na segunda década *Mi nombre es Khan* (Karan Johar, 2010) ou a española *El faro de las orcas* (Gerardo Olivares, 2016), non foi ata o boom das series cando penso que o tema do autismo cobrou real relevancia na vida de quen é alleo a el.

O adolescente Sam de *Atypical* ou *Atípico* busca o amor –ou o sexo–, como tantos mozos da súa idade, e Max vai crecendo en *Parenthood* entre o resto dos seus familiares, mostrando logros e retos, e sendo un máis. Ao meu parecer son as representacións ficcionais máis verosímiles que vin, aínda que teño que recoñecer que, de novo, dígoo segundo a miña perspectiva nesgada de nai do meu propio fillo con autismo. Non me convence tanto a figura do *savant*, tan atractiva e extraordinaria, en *The Good Doctor* ou *O bo doutor*; baseada nunha serie surcoreana emitida xa en 2013 e na súa versión estadounidense de 2017 protagonizada por Freddie Highmore. Con todo, recoñezo que esta serie serviu para chamar a atención dun público máis amplo e interesado en melodramas hospitalarios, aínda que me temo que volveu reforzar o mito de que todas as persoas con autismo son xenios e capaces de cousas tan extraordinarias como de operar cun bolígrafo. E non, a maioría das persoas con autismo non son xenios, senón persoas correntes, únicas e complexas como mostra o documental australiano *Love on the Spectrum* ou *O amor no espectro autista*, de Cian O'Clery (2019). Nesta serie documental de Neelix, acompáñase a varios adultos novos con autismo que tentan buscar o amor preparándose para citas románticas con éxito. Como na vida das persoas prototípicas, a maioría non ten éxito, pero a serie serve para desmantelar estigmas e mostrar a humanidade, en todas as súas acepcións, dun grupo de persoas do espectro coas súas propias peculiaridades.

A cuestión da representación artística sempre pode ser problemática, e máis cando estamos a falar da representación dun espectro tan amplo do que tan pouco se sabe, aínda que levemos décadas tentando entendelo na súa totalidade e haxa miles de investigacións. Os símbolos que representan o autismo afán estar relacionados con quebracabezas, con pezas, con cristais translúcidos, con lugares misteriosos, con seres doutros planetas, burbullas, anxos, seres puros e inocentes. Como calquera símbolo, isto xera unha correlación de significados entre o espectro do autismo e algo sobrenatural, misterioso, extraordinario, case inhumano. Coas mellores intencións, crear a sensación de que as persoas con autismo voan ou se comportan maxicamente, non axuda á apreciación inmediata de cada persoa dentro do espectro. Con todo, o último curto de Pixar sobre o autismo, *Loop*, ofrece unha perspectiva moi diferente á de *Float*, co que abrin esta reflexión.

As portas sensoriais para a inclusión nun mundo natural

Loop foi escrito e dirixido por Erika Milson, e estreado en 2020. Esta vez a historia que desde Pixar se conta é a dunha excursión en canoa de Renee, unha adolescente non verbal, e un remeiro que non sabe nada sobre autismo. A partir da situación, a comuni-

cación por pictogramas –ela necesita usar o baño e móstralle un debuxo no seu móbil–, a linguaxe corporal e algúns sons –coa voz de Madison Bandy, ela mesma autista–, vaise creando un achegamento entre ambos os personaxes. A diferenza con *Float* non é tanto a perspectiva, pois esta tamén favorece a da persoa neurotípica que entra por azar en contacto con alguén con autismo, senón a ausencia de elementos máxicos ou sobrenaturais. Máis ben, a moza de *Loop* pasa por necesidades fisiolóxicas e por diferentes estadios sensoriais, pero perfectamente verosímiles, a través da breve excursión pola auga. Se a simboloxía en *Float* estaba relacionada co ceo, o aire, o etéreo; en *Loop* ten que ver co táctil, o físico, o material, o acuático. Se o personaxe de *Float* podería ser a representación impersoal de calquera neno ou nena, a protagonista de *Loop* mostra a unha muller nova coas súas propias características, o que vén sinalar que é unha historia singular, única, destacable. Mentres que o pai de *Float* acaba aceptando ao seu fillo e tentando participar dese mundo incomprendible e máxico –o neno segue voando agora por un parque–; o compañeiro azaroso na excursión de *Loop* pasa do desconcerto ao autodescubrimento da súa propia percepción cando se deixa acariñar por uns xuncos que brotan ás beiras do estanque. É dicir, aínda que a ponte empática en ambos os casos se crea co personaxe neurotípico, en *Float* o pai acepta o carácter sobrenatural do neno, mentres que en *Loop* o novo remeiro aprende a percibir a natureza grazas á sensibilidade da súa compañeira e acaban creando unha canle de comunicación xuntos.

Cando lle expliquei ao meu amigo por que *Float* non me gustaba, creo que o entendeu, porque obviamente sabe que o seu fillo non é sobrenatural. Con todo, seguía gustándolle unha interpretación simbólica deste. Penso que quizais se deba a unha cuestión de gustos, ou a que o meu fillo hai xa anos que superou a miña altura e non é un raparigo gracioso que corre polo mundo. Cando os fillos e as fillas crecen, sexan como sexan, deixan de parecer anxiños ou demiños para converterse en persoas adultas. Para permitir que sexan parte activa da cidadanía en todas as súas facetas –desde a profesional ata a íntima, desde a legal ata a creativa– necesitamos que o resto da sociedade entenda que son persoas de carne e óso, e cos pés na terra.

Aínda que ás veces incomprendibles para min, as decisións e as actitudes do meu fillo teñen a súa razón de ser e a súa propia lóxica, e os seus anhelos e inquietudes son os seus, e están enfocados para un futuro en que eu nalgún momento non estarei. A literatura, o cinema, a arte en total debería servirmos para mostrarnos precisamente esa humanidade complexa, como todas, que é a clave do autismo. Porque o autismo non é un halo celestial nin máxico, senón unha condición neurolóxica e cognoscitiva que afecta, aproximadamente, a unha de cada sesenta persoas e ás súas familias, e que así mesmo é parte da realidade de todos e todas. Facer un esforzo por entender esa realidade, en toda a súa inmensa diversidade e quitándolle o veo misterioso, é o primeiro e único paso posible para unha convivencia real e unha inclusión exitosa.

BIODIVERSIDADE ESCRÍBESE CON TRES “E”, OU QUIZAIS CON CATRO

Serafín González Prieto¹

Presidente de Sociedade Galega de Historia Natural
Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

Sexamos Egoístas, escoitemos a advertencia silenciosa da natureza. Apliquemos todos os coñecementos de Economía para avaliar canto podemos gañar e aforrar se a escoitamos. E mentres gozamos a Estética da natureza e a biodiversidade, non só escoitánda senón con todos os nosos sentidos, aproveitemos para reflexionar un pouco sobre o noso papel na estrutura da vida: seguramente descubriremos que por Ética debemos conservar a biodiversidade.

Introdución

A estas alturas do século XXI, a maior parte da persoas oíu falar da regra das “3 R” como estratexia básica na xestión da inmensa cantidade de residuos que xeramos diariamente. Os “r” de reducir e reutilizar, por desgraza, aínda as escribimos colectivamente en minúscula, pero o “R” de Reciclar foi facéndose maior e en bastantes residuos xa o escribimos con maiúscula. Algún tempo despois a familia dos “R” aumentou coa incorporación dun cuarto “R”, para destacar a importancia de recuperar.

Hai xa dez anos, en *Un cuento de verdad: la historia de Antela contada por una cigüeña* escribín por primeira vez sobre a necesidade dunha nova regra, tamén de tripla letra pero neste caso para explicar os motivos para conservar a biodiversidade, é dicir, “a variabilidade de organismos vivos de todas as clases, incluída a diversidade dentro

¹ O autor é o presidente da Sociedade Galega de Historia Natural. Investigador científico do CSIC. Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Investigador científico do CSIC no Instituto de Investigación Agrobiolóxicas de Galicia (IIAG), do que foi vicedirector de 1998 a 2004 e director de 2004 a 2008. Investigador en 22 proxectos de investigación. Autor de 78 artigos en revistas científicas 27 capítulos de libros e 4 libros. Director de 5 teses de doutoramento e 2 teses de licenciatura. Vogal da SGHN-Delegación Ourense 1980-1994 e Presidente da SGHN desde maio de 1995.

das especies, entre as especies e dos ecosistemas”, tal como se define no Convenio de Diversidade Biolóxica. A regra que eu propuxen entón era a dos “3 E”.

Unha regra con tres "E", ou con catro

O primeiro “E” é o de Ética, pois os humanos non temos o dereito para extinguir ningunha especie, por moito que certas crenzas leven a algúns a considerar a especie humana o centro da creación e unha especie superior con dereito a dispoñer ao seu antollo de todas as demais. Certo é que a ética non é hoxe precisamente un valor en alza na nosa sociedade, e unha maioría escribea no mellor dos casos cunha minúscula ben pequena, pero non por iso habemos de esquecerla nesta argumentación.

O segundo “E” é o de Estética, para o que probablemente haberá maior consenso sobre a da súa importancia para xustificar a conveniencia de conservar a biodiversidade. Deixando á parte algunhas animadversións persoais –e a miúdo viscerais– para con certas especies, é probable que mesmo unha maioría de persoas estean de acordo en que debemos conservar as nosas compañeiras de viaxe neste mundo, pois, sen ningunha dúbida, as nosas vidas serían moito máis tristes sen a fermosura da natureza e as súas criaturas vivas.

O terceiro “E” é o de Economía, para persuadir a quen dá pouco valor tanto á ética como a estética, xa que só se preocupan polo diñeiro e as únicas preguntas que caben nas súas cabezas son para que nos serve tal ou cal especie? e canto diñeiro podemos obter con ela? A resposta é sinxela, pero contundente: a conservación da biodiversidade é fundamental para a nosa economía presente e futura, sexa para obter comida para alimentarnos, roupa para vestirmos ou medicinas para curar as enfermidades. En definitiva, para a nosa supervivencia e benestar.

Como no caso dos “3 R”, a familia dos “E” tamén pode ampliarse coa incorporación dun cuarto “E”, este con maiúscula para moitos pois é o de Egoísmo porque, aínda que sexa pensando só en nós mesmos, nos convén conservar a biodiversidade.

Comecemos pola ética...

Pero non basta pensar nas distintas especies só como eventuais «recursos» explotables, esquecendo que teñen un valor en si mesmas. Cada ano desaparecen miles de especies vexetais e animais que xa non poderemos coñecer, que os nosos fillos xa non poderán ver, perdidas para sempre. Posiblemente inquiétanos saber da extinción dun mamífero ou dunha ave, pola súa maior visibilidade. Pero para o bo funcionamento dos ecosistemas tamén son necesarios os fungos, as algas, os vermes, os insectos, os réptiles e a innumerable variedade de microorganismos. A inmensa maioría extínguese por razóns que teñen que ver con algunha acción humana. Ata aquí o texto deste parágrafo podería perfectamente ser escrito por min, pois reflicte tanto a miña opinión e sensibilidade persoal, como a posición de SGHN sobre a perda de biodiversidade. Pero, aínda que (á mantenta) non está entrecomiñas, en realidade ese texto é unha cita

literal da encíclica *Laudato si*², do papa Francisco, na que se afirma tamén que “*Pola nosa causa, miles de especies xa non darán gloria a Deus coa súa existencia nin poderán comunicarnos a súa propia mensaxe. Non temos dereito*”. En definitiva, Ética con maiúsculas para xustificar a conservación da biodiversidade, cunha desautorización explícita dun “argumento” demasiado arraigado, polo menos en Occidente: “*Se é verdade que algunhas veces os cristiáns interpretamos incorrectamente as Escrituras, hoxe debemos rexeitar con forza que, do feito de ser creados a imaxe de Deus e do mandato de dominar a terra, se deduza un dominio absoluto sobre as demais criaturas*”. Oxalá todos os seguidores deste líder relixioso tomen boa nota e poñan en práctica as súas palabras. Oxalá outros líderes morais ou relixiosos fagan o mesmo.

... aínda que quizá nos atraia máis a estética...

Para moitas persoas, entre as que me inclúo, o valor estético da biodiversidade é, simplemente, tan inconmensurable como a inmensa variedade de especies de todo tipo coas que compartimos este planeta azul. A beleza dunha especie, sexa pola súa forma, cor, cheiro, comportamento ou sons é certamente un valor intanxible, pero moi real. Un verán non sería tal sen o cheiro das flores do saúco, do toxo (si, do toxo), ou da rosa silvestre, sen o reclamo alegre dos birrios (capaces de durmir e de aparearse no aire!) ou sen o canto exótico e fascinante da ouriolo. Tampouco sen o canto dos grilos ou o voo dos morcegos pola noite. E falando de noites, que dicir da “biodiversidade celestial”³: a Osa maior e a Osa menor, o Can de Davis e o Gato de Cheshire, o Cangrexo e o Escorpión, o Aguiá e o Cisne, Písces e a Serpe, o Toro e o Toro de Poniatoski, o León e a Lebre, o Cogomelo velenosa... Tristes son as noites nas cidades e vilas onde a contaminación lumínica róballes aos seus habitantes o pracer de gozar da “biodiversidade” das estrelas. Tristes, moi tristes tamén, os días e as noites nos lugares onde a cobiza e a estulticia humana privannos do goce da “biodiversidade terreal”. Para moitas persoas, entre as que me inclúo, tan inimaxinable é un mundo sen música como un sen o canto das aves; tanto sen as cores das flores como sen os cadros xurdidos da paleta e o xenio dos mellores pintores; tanto sen a simple perfección dun panal de abellas como sen a construción do arquitecto máis inspirado. Si, sen ningunha dúbida, o gozo estético da biodiversidade é por si só un poderoso argumento para conservala. Que vostede non opina o mesmo?, quizais o probou pouco, así que me permito recomendarlle que se dea a si mesmo outra oportunidade: o gozo estético da biodiversidade é aditivo, e todos os seus efectos secundarios coñecidos son positivos.

2 http://w2.vatican.va/content/dam/francesco/pdf/encyclicals/documents/papa-francesco_20150524_enciclica-laudato-si_sp.pdf

3 <https://sghn.org/contaminacion-luminica-rouba-as-estrelas/>

... ou só nos preocupa a economía

Tal e como cabería esperar neste modelo de sociedade tan economicista, os argumentos económicos para conservar a biodiversidade abríronse paso con moitas máis facilidades que os éticos e os estéticos. Así, o propio Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico⁴ recoñece que “O valor dos bens e servizos xerados pola biodiversidade e os ecosistemas non ven reflectidos habitualmente de forma adecuada nos prezos de mercado, nin nos sistemas contables e os indicadores de prosperidade da sociedade. A valoración da biodiversidade e dos servizos dos ecosistemas, incluído, cando resulte apropiado, a súa valoración económica, é fundamental para garantir que os procesos de toma de decisións incorporen a consideración do valor real dos servizos dos ecosistemas”. Na mesma liña vai a “Avaliación dos ecosistemas do milenio”⁵ realizada polo Convenio sobre a Diversidade Biolóxica e que destaca o concepto de servizos dos ecosistemas que agrupa en catro categorías, aínda que só os servizos de aprovisionamento (alimentos, madeira, fármacos...) son cuantificables monetariamente, mentres que os servizos de regulación (do clima ou o ciclo da auga, a depuración de contaminantes etc.), os culturais e os de apoio carecen xeralmente de valoración económica.

En caso de dúbida recorramos ao egoísmo

Algúns poderían argüir que a Ética está moi pasada de moda, que a Estética é opinable e que a Economía non é nada concluínte no caso da conservación da biodiversidade, posto que a maioría dos seus beneficios e servizos son pouco ou nada cuantificables monetariamente. Que se lles podería dicir aos “bioescépticos” máis recalcitrantes? Quizais haxa que recorrer a un cuarto “E” e, apelando ao instinto primario de autoconservación, responderlles que debemos conservar a biodiversidade aínda que só sexa por Egoísmo puro e duro, porque nos convén individual e colectivamente como humanidade.

Xa na primeira metade do pasado século, Aldo Leopold⁶ –un dos pensadores conservacionistas máis importantes de todos os tempos– escribiu que a primeira regra dunha manipulación intelixente é conservar todas as pezas.

Un bo exemplo, e de candente actualidade, é a pandemia da COVID-19. Tanto é así, que para o Día Mundial do Medio Ambiente⁷, o Programa para o Medio Ambiente de Nacións Unidas (PNUMA) escolleu precisamente “Biodiversidade e coronavirus”

4 <https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-a-biodiversidade/valoracion-e-aspectos-economicos-de-a-biodiversidade/default.aspx>

5 <https://www.millenniumassessment.org/es/about.html#1>

6 https://en.wikipedia.org/wiki/Aldo_Leopold

7 <https://www.worldenvironmentday.global/es/sabias-que/biodiversidade-e-coronavirus>

como lema. Non é unha esaxeración nin moito menos. Como especie viva, o destino da humanidade está intrinsecamente ligado ao do resto da biodiversidade a través dunha complexa rede de interrelacións na cal cada parte xoga un papel importante. Cando se dana, cambia ou elimina calquera nó desa rede aféctase a todo o sistema, con consecuencias sobre o conxunto. Como destaca o PNUMA, pola nosa insaciable demanda de recursos de todo tipo, a acción humana ha reducido a biodiversidade e modificado as estruturas da poboación de vida silvestre a un ritmo sen precedentes en tempos xeolóxicos recentes.

Ademais de confirmar canto de acertadas eran as advertencias de numerosos expertos en biodiversidade e enfermidades infecciosas, a pandemia da COVID-19 comezou a abrir os ollos dos non expertos respecto a a evidencia de que cando a humanidade destrúe a biodiversidade, destrúe tamén o delicado sistema vivo que sustenta a vida humana. Nos ecosistemas biodiversos e coas interaccións naturais entre especies sen alterar é máis difícil que un organismo se propague incontroladamente ou domine. Isto último é certo para calquera especie, incluídos os parasitos e os patóxenos, unha realidade que nos convén ter moi en conta debido a que unhas tres cuartas partes das enfermidades infecciosas que se consideran emerxentes en humanos transmitense desde os animais a persoas, é dicir, son zoonoses.

Como consecuencia do crecemento exponencial da poboación humana e a súa demanda de recursos de todo tipo, o noso consumo desbordou amplamente os límites da sustentabilidade: actualmente necesitaríamos un planeta e medio para gobernos de recursos e depurar os nosos residuos. A incesante deforestación, a invasión de hábitats primixenios ata hai apenas uns décadas, a intensificación da agricultura, a gandería e o transporte, xunto coa aceleración do cambio climático han alterado os sutís equilibrios da natureza.

Con cada especie decimada ou extinguida pola acción humana existe sempre o risco de que se perda unha peza crave que ata entón estaba a manter baixo control, directa ou indirectamente, a proliferación dun parasito ou un patóxeno, por exemplo controlando as poboacións das súas vectores ou especies que os transmiten. Se a isto únese a colonización humana de novas zonas e o aumento do comercio con elas temos todos os ingredientes para facilitar o salto dos patóxenos desde os animais ás persoas. Posto que a especie humana pode non ter (suficientes) defensas inmunitarias contra enfermidades animais ás que nunca antes estivo exposta, multiplícanse as probabilidades de que unha enfermidade infecciosa se converta nunha pandemia a nivel planetario. O caso da COVID-19 non é nin moito menos o primeiro e a maioría dos expertos están convencidos de que non será o último. Estímase que tan só o grupo dos coronavirus infecta anualmente a uns mil millóns de persoas, das cales varios millóns morren. Por iso, os responsables do Programa para o Medio Ambiente de Nacións Unidas advirtenos claramente de que debemos escoitar a mensaxe que nos está enviando a natureza.

DONDE EL TIEMPO NO FUNCIONA

PANUC¹

Sistema de referencia non inercial

Certezas: o ser humano requiriu e sempre requirirá de certezas que lle permitan comprender e sobrevivir a unha contorna, que poderíamos considerar como hostil por defecto. En consecuencia, construímos a percepción do noso mundo con eses ladrillos de suposto coñecemento seguro e claro. O cal non implica que esta seguridade e claridade se poida constituír como unha definición universal, xa que sempre dependerá do observador e os seus condicionantes. Por iso mesmo requirimos de sistemas de referencia que aceptamos como válidos para todos os individuos: porque nos foron impostos, porque os herdamos, porque os validaron persoas que atesouran un coñecemento superior, ou porque simplemente é mellor non cuestionarse nada. Esta definición de “marcos de comportamento” determinan o que é normal e o que non. A pesar de que en todo iso non deixe de subxacer o engano da maioría: alguén é diferente porque representa unha minoría?; é diferente porque o establece un colectivo de especialistas?; é diferente, como a historia se empeña en demostrarnos, debido a intereses sempre cuestionables?... A resposta a esta cuestión é absolutamente relevante porque determinará a forma en que se debe producir o achegamento a esa “non normalidade”, e que indefectiblemente se tende a realizar desde a inmersión no que nos resulta coñecido, porque as certezas nos dan seguridade ante o descoñecido, ante o diferente ou “non normal”.

1 Detrás das siglas PANUC hai moito máis que as iniciais dos membros dunha familia. Paula Sánchez Muíña persoa con TEA, é pequena de tamaño, pero extraordinariamente grande na súa loita diaria por superar as limitacións do seu espectro autista. A súa nai, Conchi Muíña Romay, cambiou anos dun mundo dixital en Telefónica en Barcelona e Madrid, por outro en asociacións e proxectos para discapacitados en Galicia, pero, sobre todo para dedicarlle tempo ás súas fillas. O pai, Antón Sánchez Varela, é un apaixonado soñador e outrora compulsivo escritor de crítica social e mundos imaxinarios, como aquel en que viviu a súa primeira estancia de xuventude nun centro do exercito dos EUA, para o desenvolvemento de tecnoloxía médica. A irmá, Nuria Sánchez Muíña, estuda Medicina na USC e desenvolve unha actividade incansable e construtora de cara a unha sociedade máis xusta. Entre todos e cada un deles coseron as palabras desta novela con humor e, especialmente, con corazón.

Os medios non deixan de ser diversos, cal tradutores de idiomas: pictogramas para que como unha escritura cirílica, ou os sinogramas orientais dispoñan dun significado mutilado para nós; os reloxos transformando un tempo que non existe en segundos...

Sen dúbida, estas ferramentas permitíronnos, e permitennos unha interrelación que ata non fai moito non resultaba posible. Con todo, estamos convencidos de que chegou o momento de deixar de ser autocomplacientes con todos os fitos alcanzados no ámbito do autismo, e considerar que é obrigado dar un paso máis sen refugar os medios actuais: aprender as **peculiaridades** do idioma no canto de traducilo, vivir dentro da vida desa linguaxe para poder entendelo mellor.

*“Chamou a nosa atención un número de nenos cuxa condición difire de maneira tan marcada e única de todo o informado ata ou de agora, que cada caso merece... unha consideración detallada das súas **fascinantes peculiaridades**” (Kanner 1943).*

Antecedentes

“A felicidade non sempre é a mellor forma de ser feliz”

Maurice Sendak

Con todo nós eramos demasiado novos para entendelo: planificáramos o nacemento da nosa filla coa arrogancia que a ignorancia che confire, convencidos de contemplar todos os imponderables que podían ser contemplados para que Paula se converte nun bebé feliz... Non tardamos moito en comprobar que o tópico de felicidade non coincidía coas limitacións físicas dun corpiño sempre dobregado pola gravidade e unha constante furia transformada en pranto contra un mundo que non entendía, nin el a entendía a ela.

É case imposible esquecer esa sensación inicial do inevitable, aínda cando eramos os únicos que auguramos o peor en contra de médicos e familiares que nos tentaban insuflar unha falsa esperanza: dúas cabezadas e ambos os narices sangrando no medio do xentío dunha rúa en Madrid deixáronnos claro que á nosa filla non lle gustaba o obrigatorio contacto físico de ter que ir nos nosos brazos, e moito menos a proximidade dunha mirada. Desconcertados polos golpes do día a día non deixamos de buscar os mellores especialistas, centros, terapias... pero sen ter un diagnóstico claro que lle puidese poñer nome ao noso sentimento de culpa por crer que lle fallabamos a Paula no deber de proporcionarlle a felicidade que todo pai se autoimpón.

As preguntas sen resposta e o sentimento de culpa deron paso ao dó da filla que perderamos pola nosa suposta negligencia. Sen dúbida, poida que fose a parte máis dura de todas, debido a que nunca recuperaríamos a aquela filla que imaxinabas e todo o que a vida lle debía ofrecer: estudos, viaxes con compañeiros, tal vez unha parella e fillos... Tantas e tantas cousas que desapareceran cunhas poucas palabras dun médico.

Pasaron moitos anos de “temos que facer” nunha loita desigual contra o destino e, talvez, inconscientemente egoísta, que nos permitise despedirnos de Paula cando

chegase ese inexorable momento, coa esperanza de que fose o máis autónoma posible, e así tamén afectase o menos posible a vida da súa irmá Nuria nun mundo materialista que cousifica e cuantifica o individuo cos parámetros de rendibilidade dun fondo de investimentos.

Ata aquí o concepto de felicidade que interiorizamos desde a nosa infancia por imitación da nosa contorna, por ensaio e erro, polo modelo estímulo-resposta de aprendizaxe mediante asociación do condicionamento pavloviano, ou porque a Lúa estaba en cuarto crecente... raramente se nos regalaban momentos que se correspondesen con eses estándares que se nos debían facer familiares para obter unha sensación de alegría. Aínda cando a nosa alegría non tivese necesariamente esa tradución, da que xa falamos, para a nosa filla; debido a que alcanzar un fito convencionalmente aceptado pola maioría, como podía ser coller un garfo, non significase absolutamente nada para Paula. En consecuencia; non é fácil determinar en que momento a nosa actitude de loita constante e de frustración se foi transformando nunha aceptación dun mundo diferente para o que ninguén está preparado previamente, simplemente porque o descoñecemos ou porque, como defensa, o rexeitamos no convencemento de que esa negación evitará que se converta en algo dolorosamente definitivo. Sen dúbida, o feito de decidir ter outra filla, tras anos de estudos xenéticos que nos garantisen unha mínima seguridade, e infinidade de charlas en parella respecto diso, de como lle podería afectar á nosa futura filla a convivencia cunha irmá discapacitada marcou un antes e un despois por catro motivos fundamentais: o primeiro porque normalizaba a nosa vida no ámbito das interaccións sociais da maioría dos nenos, poderíamos compartir con Nuria infinidade de cousas que ata ese momento non resultarían posibles; o segundo, foi que a luz que sempre desprende Nuria faríalle ser o mellor terapeuta para a súa irmá, estimulándoa de forma incansable a través do xogo; o terceiro, foi que despois de vivir en Barcelona e en Madrid, ao volver a Santiago, un neuropediatra atopou a explicación aos comportamentos antagónicos dunha Paula súper sociable cunha suposta condición de espectro autista. Bastoulle unha mirada á súa preciosa cara para poñer nome e apelido ao futuro da nosa filla, a expensas da proba xenética que o corroboraría: unha maldita delección nun cromosoma priváralle de moito. A nosa dor xa tiña nome, pero non por iso deixaba de seguir doendo; mesmo agora era aínda maior, porque era definitivo que non habería máis milagre posible que os pequenos logros do traballo diario. Pero por paradoxal que se poida antollar, o sentimento de culpa mitigouse minimamente polo feito de pensar que o máis probable é que evitar esta mutación non estivese ao alcance das nosas mans.

Ironicamente fomos afortunados: *“Porque só nunha minoría de persoas autistas hai mutacións xenéticas raras de alta prestación, relevantes para o seu autismo”* (Weiner et al. 2017).

A cuarta circunstancia, e poida que a máis influente, foi que o noso mundo xa non só viraba ao redor de Paula, e polo tanto, facíanos carecer de todo ese tempo e enerxías que lle dedicabamos só a ela. Con todo comezámola a entender máis, e a saber gozar

máis con ela e coa súa irmá, porque eramos conscientes de que tiñamos dúas fillas maravillosas e especiais que conseguiran que ese vértice de loita contra o infortunio en cada nova terapia, en cada novo médico... non continuase devorándonos.

Finalmente o noso tempo íase axustando co das nosas fillas, e entón os preciosos instantes que non fomos capaces de percibir por atoparnos imbuídos nunha batalla contra o tempo eran de tanto en tanto visibles. A pesar de todo iso quedaban por diante moitos anos duros con cuestións que nunca alcanzas a imaxinar. Con todo xa estábamos un pouco máis preparados para afrontar eses momentos nos que tes que aguantar a respiración e seguir nadando para non afogar: agora, aprenderamos que debíamos espremer ese instante de ceo azul cando collésemos aire para ser capaces de volver nadar adaptándonos á forza da corrente, no canto de loitar contra ela. E sobre todo: *deixar de sufrir por todos eses futuros que nunca existiran.*

Todo o mencionado anteriormente conducíanos a un tempo que comezaba a funcionar porque os reloxos da nosa familia estaban máis sincronizados. Chegara o momento de compartir a nosa experiencia: unha máis dentro dun *espectro infinito de pais e irmáns de persoas con condición de espectro autista.*

Catarse

A maior parte das veces podemos decidir ter un fillo; os fillos nunca dispoñen desta opción. Por esta razón, nós como pais sentiámonos en débeda con Paula por razóns obvias; pero sobre todo, con Nuria, porque a súa vida viuse supeditada ás necesidades da súa irmá, moitas veces difíciles de comprender para unha nena pequena. Por este motivo a novela titulada *Donde el tiempo no funciona* foi escrita en familia baixo o pseudónimo de PANUC (Paula, Antón, Nuria, Conchi) desde a perspectiva de Nuria. Xa que son os irmáns dos discapacitados; neste caso con condición de espectro autista, os grandes esquecidos de todas as narracións, terapias e estudos.

Por outra banda a infinidade de textos publicados teñen a constante de transmitir esa inevitable dor que nós tentamos transformar en esperanza a través do humor e a ironía, mesmo ás veces do sarcasmo. Simplemente porque todos choramos moito máis do que o deberamos facer, e aínda cando é necesario, a maior parte das veces é un tempo perdido que che resta enerxías e claridade de ideas para emprender un camiño que ninguén poderá percorrer por nós, por máis que berremos ou choremos.

Esta concepción narrativa tiña e ten a presuntuosa intención de ser extrapolable para todas esas persoas que se atopan nunha circunstancia difícil de asumir, sexa da índole que sexa. Xa que na nosa mente aínda resoa esa maldita frase: “Co tempo afáredesvos”. Maldita falacia hipocritamente piadosa!: nunca te afás por máis anos que transcorran, pero si podes aprender a vivir con iso se te esforzas.

Sempre que decidimos comezar a escribir facémolo dunha forma talvez pouco ortodoxa: requirimos dun título que poña o marco e o contexto narrativo, e un final cando aínda nin existe un principio. É algo parecido a planificar unha viaxe na que

coñeces o teu destino e intúes a ruta para chegar, pero estás aberto á aventura que supón non ter o coñecemento de cada cruzamento que deberás tomar, ou mesmo se o que decidiras nalgún momento será o definitivo. Como dicía Unamuno: “Somos entes de ficción soñados por un ser superior”. E iso sucedíalle aos seus personaxes soñados que se revelaban contra o destino previamente descrito polo seu autor. No noso caso esbozamos un formato de aventura en forma da procura dese lugar onde se fabrica o tempo, para que así Nuria conseguise que os dramáticos tempos de espera da súa irmá transcorresen ao ritmo que necesita Paula para evitar os seus berros e autoagresións, que tantísimas tensións nos xeran.

O formato xa estaba determinado para comezar, non obstante o noso personaxe principal non cesaba no seu intento de narrar a historia en por si, revelándose ás letras que íamos cosendo. Porque o que comezou sendo case un conto dunha nena que ía crescendo nesa procura que puidese normalizar a súa vida e a da súa irmá, terminou transmutándose nunha narración máis intimista: unha catarse a través do humor. Posiblemente porque o ser humano para sobrevivir distorsiona o espazo-tempo facendo caer no esquecemento a dor do pasado, ou construíndo o espellismo de que “calquera tempo pasado foi mellor”. Calquera tempo pasado simplemente foi diferente...

E sen marcar previamente no mapa da nosa viaxe literaria todos eses inesperados cruzamentos, vímonos narrando gran parte da nosa vida. Ás veces de forma dolorosa ao lembralos, ás veces cun sorriso... aínda que nos axudou a poñer en perspectiva de onde viñamos e onde chegamos: sen dúbida non tan lonxe como esperabamos antes de que por fin coñecésemos a cara de Paula; sen dúbida moito máis lonxe do que nos auguraban. Con todo, como no libro, tivemos a sorte de ir coñecendo e gozando doutra Paula. Non sempre dunha maneira fácil.

Como se pode observar, o primeiro capítulo é o máis extenso, é case un relato dentro da propia novela. Nos seguintes decidimos que debían ser narracións máis curtas para conseguir que tivese un ritmo acorde co carácter positivo deste libro, e para que fose máis fácil lelo. A partir de aí era complexo manter durante todo o relato esa procura do tempo como único fio condutor, co cal, o propio tempo de Nuria ao ir narrando a súa vida desde a gardería ata a universidade nos facilitou un argumento paralelo e concordante co inicial que nos propiciaba máis alternativas narrativas. Esta estruturación tivo un momento de dúbida que se manifesta na primeira páxina en contraposición coa epígrafe. Realmente este último foi o comezo inicial de *Donde el tiempo no funciona*. Un comezo máis próximo ao ensaio, máis minimalista, que se podía facer un pouco denso para o obxectivo que perseguíamos de construír un relato accesible a todas as idades e condicións para poder alcanzar unha maior divulgación do que supón o TEA.

Por improbable que poida parecer, a inmensa maioría das circunstancias e momentos descritos son reais. E como é ben sabido, a ninguén lle gusta expoñer publicamente a súa realidade aos demais. Pero eses catro personaxes, non soñados por ningún escritor, talvez por “un ente superior”, decidiron falar por eles mesmos, nunha loita

constante entre o que querían contar e o que o teclado quería escribir. Sen dúbida unha loita desigual gañada polos personaxes a pesar da incerteza que supoñía esta arriscada catarse pública.

A medida que ían caendo as páxinas Nuria crecía en anos, e crecía na relevancia das súas vivencias fronte ás da súa irmá. De feito, foi tremendamente difícil escribir toda unha novela sen que o nome do protagonista aparecese ata o final, nunha clara alegoría da sombra que Paula e as súas necesidades especiais proxectaban no día a día de Nuria. De tal maneira que esa procura inicial do tempo se foi diluíndo nunha reparación, non de tempo, porque sempre nos esforzamos en compartimentar os tempos das nosas fillas cando considerabamos necesario, pero si de recoñecemento do que un irmán dunha persoa con condición de TEA deixa de ter en comparación coas súas amizades. Pero tamén o que esa viaxe lle regala en aprendizaxe, madurez e compromiso social por ter que ver o mundo cuns ollos diferentes: unha mochila ás veces moi pesada para levar, por máis que os pais tentemos que non sexa así.

Nuria pasara esa delirante corentena descrita con sarcástico detalle e estaba a piques de entrar na universidade. Pero quedaba o último acto: o final do libro, no cal ela expón unha conclusión emotiva a toda esa procura na que pais e fillos nos vemos arrastrados desde o primeiro segundo dun diagnóstico confiados a someter o futuro aos nosos desígnios esquecéndonos de cada segundo dun precioso presente que nada nin ninguén nos conseguirá devolver, por máis doloroso que nos poida parecer cando o estamos vivindo.

NON BASTA CON TER INTELIXENCIA PARA SER INTELIXENTE

– PANUC –

ACOMPAÑAMENTO E COIDADOS NAS PERSOAS CON AUTISMO

Cipriano Luis Jiménez Casas¹

Director Xeral de Fundación Menela

RESUMO

Con este número, celebramos o 25 aniversario de Maremagnum. Foron moitos os temas tratados pola revista a redor do autismo: formación e emprego, metodoloxías de intervención, calidade de vida, diversidade e inclusión, lecer, envellecemento, novas tecnoloxías, acoso, educación, saúde, cultura...). Porén, o acompañamento e os coidados na persoa con autismo, que tratamos de desenvolver neste artigo, non só forman parte da vida dos seres humanos, senón que no caso da persoa con TEA, e despois da pandemia da COVID-19, nos fixo reflexionar, actualizar e reivindicar o que supón acompañar e coidar, hoxe máis ca nunca, a persoa con trastorno do espectro do autismo.

Introdución

A palabra coidador/a, acordes coa RAG, significa: “persoa que coida ou ten baixo o seu coidado algo ou a alguén”. Esta foi a vida de Remedios Parga García (1928-2020), dedicada ao coidado dunha persoa con autismo, iniciado en 1966, cando comezou a coidar a unha moza de 15 anos, chamada Menela, que daquela non estaba diagnosticada como autista “nin moito menos”. Máis tarde comezou a traballar en 1976 no Centro Menela, creado e financiado pola propia familia de Menela, e que sería recoñecido como Centro de Educación Especial no curso 1978/79.

¹ O autor é médico psiquiatra e psicanalista. Director xeral e vicepresidente de Fundación Menela. Expresidente, socio de honra e membro do Consello Asesor de Autismo Galicia. Patrón de Fundación Sálvora. Ten publicado máis de 15 libros e 22 en colaboración. Conferenciante en seminarios, simposios e congresos en Galicia, Estado español, Europa e América. Fundador, presidente, membro e patrón de fundacións e asociacións ligadas ao campo da discapacidade e a cultura. Director da revista Maremagnum. Colaborador en Faro de Vigo no suplemento Faro da Cultura e con artigos de opinión. Vigués distinguido.

No primeiro número da revista *Maremagnum* (1997), hai unha lembranza desta coidadora exemplar, na sección: “*Xente de aquí e de acolá. Unha vida dedicada ao coidado das persoas con autismo*”. Nesta recensión, se comenta que: “A pesar de sobre pasar a idade da xubilación, continúa a colaborar de xeito voluntario en Castro Navás. Mesmamente, a súa experiencia contribúe á posta en marcha deste centro para persoas adultas con autismo en 1993, no cal moitos usuarios estiveron nas súas etapas escolares ao seu coidado”.

Ao longo da súa vida esta coidadora exemplar, viu crecer a moitos rapaces, aos que coñeceu desde nenos, “e agora son uns adultos, con moitos problemas, pero que enganchan a unha, aínda que ás veces a desesperen”. A pesar de que o presente das persoas con autismo lle pareza duro, pensa que agora hai moito máis interese por tentar facer algo por estes mozos e mozas. Para esta incansable muller o futuro é esperanzador, e cre que “todos imos facer máis por axudalos, porque a persoa con autismo ademais de padecer este trastorno é, por riba de todo, persoa e ten dereito a que a traten como tal”. Xa xubilada, e desde 1993 traballaría como gobernanta/voluntaria no centro de día e residencial para persoas adultas con autismo “Castro Navás”, inaugurado ese mesmo ano ao tempo que pasa a formar parte do padroado de Fundación Menela constituída en 1989, ata o seu falecemento en 2020.

Evolución do trastorno do espectro do autismo: teorías e tratamentos

Coidadoras e educadoras, psiquiatras e psicanalistas, compartimos desde 1976, neste caso na hoxe Rede de Servizos para o Autismo e a Dependencia de Fundación Menela a evolución do hoxe denominado trastorno do espectro do autismo, a súa historia e avatares, maxistralmente tratada por Francesca Happé & Uta Frith no número 24 de *Maremagnum*, 2020, pp. 13-45.

Como chamarlles a estes nenos e nenas naquela altura? Psicoses infantís? Esquizofrenia infantil? E sobre todo, o que aínda era máis preocupante, Como abordalos ou tratalos? Estabamos en 1976, e once anos despois publicabamos: *As voces de mármore. Autismo e Psicoses Infantís en Galicia* (1987)². Por outra banda, a primeira edición do DSM, de 1952, incluía o autismo como esquizofrenia infantil. En 1980, o DSM-III, nomea o trastorno como: autismo infantil, e ata 1994: Psicose infantil/ Esquizofrenia infantil. O DSM-IV (1994), fala de trastorno xeneralizado do desenvolvemento, con 5 subtipos, e aparece a síndrome de Asperger. Esta influente guía da American Psychiatric Association no derradeiro DSM-V (2013), fala de trastorno do espectro do autismo, no cal se inclúen todos os subtipos e a síndrome de Asperger.

2 *As voces de mármore. Autismo e psicoses infantís en Galicia*. Cipriano Jiménez e al. (1987). Xerais Universitaria.

Certamente, na década dos 50 a influencia da psicanálise, e o tratamento do autismo estaba ligado ás tendencias dinámicas e psicanalíticas. Así, en Vigo (1976/77), participamos nos seminarios de: “Introdución á Psicanálise”, de Óscar Masotta; o seminario sobre: “Coidados maternos e saúde mental”, por John Bowlby da Tavistock Clinic de Londres (1982) e a presentación e coloquio sobre o libro: “Naissance de L’autre”, de Rosine e Robert Lefort (1982). Le champ freudien, colección dirixida por Jacques Lacan das edicións do SEUIL. Neste interesantísimo encontro, realizáranse como relatos clínicos as palestras: “O nome do pai”, por LUAR (centro de psicología infantil); “Un caso de psicose infantil”, polo equipo do Centro Menela (centro de educación especial), e “Un caso de un adolescente”, pola psicanalista e supervisora Silvia Tubert.

Desde a década dos 60, xa se cuestionaban certos postulados e/ou criterios psicanalíticos, pola aparición das achegas das causas biolóxicas en determinados casos de autismo, e xa a partir dos anos 70, xorden toda unha serie de investigacións neuropsicolóxicas arredor das teorías da mente, función executiva, coherencia central e/ou cegueira do contexto. O autismo pasaba, e sempre nomeando as autoras Francesca Happé & Uta Frith, dun a moitos, de puro a complexo e do que aínda é máis importante de ser un modelo médico a un modelo social, que non se pode curar.

